



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 29 de outubro de 2020(892/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día vinte de nove de outubro de dous mil vinte e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(885).- APROBACIÓN ACTAS. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de outubro de 2010 . Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

2(886).- PROPOSTAS DE ADXUDICACIÓN PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE PRESAS E DE-MAIS ALIMENTACIÓN PARA A FAUNA EN VIGOZOO. EXPTE. 10368/612.

Visto o informe de fiscalización do 23/10/2020, dáse conta do informe-proposta da Mesa de Contratación do 22/10/2020, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 23 de xullo de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

“PRIMEIRO.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de presas e demais alimentación para a fauna de VigoZoo (exp. 10368-612).

SEGUNDO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas que rexerá a contratación, redactado polo Veterinario de VigoZoo con data 10/06/20 e o prego de cláusulas administrativas particulares, redactado pola Xefa do Servizo de Contratación con data 10/07/2020.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por un importe máximo de 45.984,48 €, sendo o importe correspondente ao IVE a soportar pola Administración (4.598,44 €) e a anualidade máxima de 2020 será de 5.748,06 €. A financiación do contrato de subministro será a cargo da partida 3371.221.05.03 “Outros alimentos”.

CUARTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Na sesión do 6 de agosto de 2020 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Rectificar o apartado 3.A) do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado o 23 de xullo de 2020 que quedarán redactados como seguen:

“ (...) B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: 4.180,41 €(...)”



Concello de Vigo

2º.- *Publicar este acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público.*”

Segundo.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 5 de outubro de 2020, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en VigoZoo (10.368-612) na seguinte orde descendente:

- *LOTE 1: Alimento de roedores conxelado:*

	Licitador	Puntuación total
1	SAINT LAURENT, S.A.	100 puntos

- *LOTE 2: Alimento conxelado para aves:*

	Licitador	Puntuación total
2	SAINT LAURENT, S.A.	100 puntos

- *LOTE 4: Despece de polo:*

	Licitador	Puntuación total
3	AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U.	100 puntos

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SAINT LAURENT, S.A. (lotes 1 e 2) (N0013485H) e AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4) (A-36.002.236), para que presenten, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 159.4.4º da LCSP):

- *AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U.: ao estar inscrita no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, unicamente deberá presentar a documentación esixida nas cláusulas 8.5.2 e 22.1 do PCAP:*

- *Documentos acreditativos da representación (poder outorgado a favor de quen subscriba/n a proposición, xunto cunha copia do Documento Nacional de Identidade do/s apoderado/s)*
- *Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.*
- *Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.*
- *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.*

- *SAINT LAURENT, S.A., ao non figurar inscrita nun rexistro de contratistas, deberá presentar a seguinte documentación:*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Este acordo foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SAINT LAURENT, S.A. (lotes 1 e 2) e AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4), o día 9 de outubro de 2020, que presentan a documentación requirida o 20 de outubro de 2020, e o 16 e 20 de outubro, respectivamente, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de outubro de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar SAINT LAURENT, S.A. (lotes 1 e 2) e AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SAINT LAURENT, S.A. nos lotes 1 e 2 e AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. no lote 4, de conformidade co acordo da Mesa de Contratación de data 5 de outubro de 2020 polo que se acorda outorgar a estes licitadores a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Adxudicar a SAINT LAURENT, S.A. (N0013485H - operador intracomunitario FR56337860456) os lotes 1 e 2 do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total do lote 1 “Alimento de roedores conxelado” é de 6.681,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 607,36 euros.*
 - *O prezo total do lote 2 “Alimento conxelado para aves” é de 17.840,00 euros euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.621,82 euros.*

2. *Adxudicar a AVÍCOLA DE GALICIA, S.A.U. (A-36.002.236) o lote 4 “Alimento conxelado para aves” do procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de presas e demais alimentación para a fauna en Vigozoo (10.368-612) coas seguintes condicións:*
 - *O prezo total deste lote é de 16.780,40 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 1.525,49 euros e cunha porcentaxe de desconto único do 2% a aplicar aos prezos unitarios relacionados no apartado 3.G das FEC do PCAP para este lote.*
 - *Propón unha redución dos kg de embalaxe máximos establecido no apartado 3.10 do PPT (25 Kg) entre 11 e 19kg.*
 - *Propón unha redución do prazo de entrega máximo establecido no apartado 3.5 do PPT (10 días) de 9 días.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(887).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS TRAMITADOS POLA CONCELLERÍA DE DEPORTES DURANTE OS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DO ANO 2020. EXPTE. 19983/333.

Dáse conta do informe-proposta de data 22/10/2020, asinado polo xefe do Servizo de Deportes e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

En cumprimento coa base 31 das de execución do orzamento para o ano 2020, o concelleiro-delegado de Deportes, José Manuel Fernández Pérez, dá conta á Xunta de Goberno Local, dos expedientes de gasto menor tramitados pola Concellería de Deportes (funcionais 3410 e 3420, durante os meses de xullo, agosto e setembro do ano 2020, que se relacionan a continuación:

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
19695-333	SERVIZO DE REALIZACIÓN DE PUBLICIDADE E PUBLIREPORTAXES PARA A CONCELLERÍA DE DEPORTES PARTIDA: 3410-2260200 DOC. CONT: ADM 43250	GALIPRESS, SL (B15086556)	03/07/20	30/12/20	1.500,00 €
19889-333	SUBMINISTROS EN RÉXIME DE ALUGUER E A SÚA MONTAXE DEMONTAXE VINCULADOS COA DINAMIZACIÓN DOS EVENTOS DEPORTIVOS NA CIDADE DE VIGO PARTIDA: 3410-2260901 DOC. CONT: ADRCM 54483	Team Relay, S.L. (B36963601)	08/09/20	30/12/20	8.000,00 €
19902-333	CONTRATO PRIVADO DE PATROCINIO PUBLICITARIO DO EVENTO GALA DA VELA GALEGA-VIGO 2020 PARTIDA: 3410-2279904 DOC. CONT: ADRCM 58566	REAL FEDERACION GALEGA DE VELA (G36644862)	24/09/20	30/10/20	4.500,00 €
3775-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DO ESTUDIO NECESARIO PARA A REDACCIÓN DO PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE ENERXÍA TÉRMICA ÚTIL E O SEGUIMENTO E EMISIÓN DE INFORMES SOBRE A FACTURACIÓN DO ADXUDICATARIO DO SUBMINISTRO PARTIDA: 3420-2279915 DOC. CONT: ADRCM 54481/RCFUT 54437	ANA BELÉN ALBO LÓPEZ (36074073E)	07/09/20	07/09/21	4.416,50 €



Concello de Vigo

EXPTE NÚM.	OBXECTO CONTRATO	ADXUDICATARIO	DATA INICIO	DATA REMATE	IMPORTE C/ IVE
3788-611	SERVIZO DE REALIZACIÓN DOS TRABALLOS TÉCNICOS DE ROTULACIÓN CARTELERIA COVID CON NORMAS DE ACCESO AOS CAMPOS DE FÚTBOL MUNICIPAIS PARTIDA: 3420-2279915 DOC. CONT.: ADRCM 55907	LUIS ALBERTO MOSQUERA MARCOS (78739710S)	21/09/20	15/10/20	1.923,90 €
3855-611	SERVIZO DE REPARACIÓN DO SISTEMA DE ALARMA ANTI-INTRUSIÓN DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE BALAIÓDOS PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT: ADM 60323	EQUIPAMIENTO Y SEGURIDAD (B36634715)	28/09/20	25/10/20	4.524,80 €
3858-611	CONTRATO PRIVADO DUNHA PÓLIZA DE SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES PARA O PROGRAMA MUNICIPAL DE ESCOLAS DEPORTIVAS PARTIDA: 3420-2260901 DOC. CONT: ADRCM 57301	SURNE MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS (V48083521)	25/09/20	30/12/20	9.000,00 €
3860-611	SERVIZO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS HIDRÁULICAS DOS CAMPOS DE FÚTBOL DOS COMPLEXOS DEPORTIVOS DA ETEA, TRAVESAS E RELFAS PARTIDA: 3420-2130000 DOC. CONT: ADM 58144	Costas y Otero, SL (B36749075)	30/09/20	30/09/20	5.248,98 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

4(888).- CONTA XUSTIFICATIVA CORRESPONDENTE AO AULA DA UNED DE VIGO – EXERCIZO 2019. EXPTE. 24346/332.

Visto o informe de fiscalización do 08/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 23/10/2020, asinado pola xefa do servizo de Educación, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En escrito de data 23/03/2020 (Rexistro Web) o C.A. UNED en Pontevedra, remite a este Concello en cumprimento da estipulación décimo terceira, décimo terceira bis (adenda expte. 15472/332) e décimo quinta do Convenio asinado o 8/11/2012 entre esa entidade e o Concello de Vigo (ref. Expte 11959/332, 15472/332 e 17054-332)-- a **conta xustificativa** das aportacións realizadas polo Concello de Vigo no ano 2019 prevista nas estipulacións citadas.

En relación con esta conta xustificativa, en data 16 de setembro de 2020 emitíuse pola Xefatura do Servizo de Educación o seguinte informe-proposta:

Antecedentes:

- *Bases do Convenio entre a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Concello de Vigo para a creación dunha aula de ensino superior a distancia da UNED (expte.11959/332).*
- *Creación dunha aula universitaria da UNED en VIGO, en relación coa resolución da XUNTA REITORA DO PATRONATO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA (expte. 11959/332).*
- *Proxecto de Convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED en Pontevedra para a creación en Vigo dunha aula de ensino superior a distancia (expte.11959/332).*
- *Modificación do acordo da XGL do 7.09.12 aprobación do texto modificado do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Xunta Reitora do Centro Asociado da UNED, aprobación do gasto Expte. 11959/332.*
- *Asínase o convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo.Concello de Vigo para creación da aula e posta en funcionamento (Expte. 11959/332)*
- *Apertura do Centro ao alumnado*
- *Aprobación pola Xunta de Goberno Local adenda ao Convenio entre o Patronato de UNED e o Concello de Vigo: creación de graos universitarios (expte. 15472/332)*
- *Asínase a adenda ao convenio entre o Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo.Concello de Vigo para a implementación e financiamento de graos universitarios na Aula UNED Vigo*
- *Expte. 17054/332 Nova ampliación graos universitarios na Aula UNED de Vigo e aprobación do gasto correspondente. Acordo XGL de 04/11/2016*
- *Expediente 23853/332 Pagamento convenio Concello/UNED exercizo de 2019*

Nas estipulacións 11º e 13ª, 13ª bis e 15ª do Convenio indícase:



Concello de Vigo

11ª) A achega económica do Concello ao presuposto do Centro Asociado farase efectiva por semestres anticipados. O incumprimento desta cláusula será motivo de resolución do presente Convenio sen necesidade de previa denuncia.

13ª) "Corresponderá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra a selección, e pagamento do profesorado-titor e do/a coordinadora/a, se é o caso. Para esta finalidade, o Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra anualmente a cantidade de 39.858,80 euros correspondente á totalidade dos gastos correspondentes a este capítulo. Esta cantidade será actualizada anualmente conforme aos incrementos de IPC que se produzan. As eventuais modificacións no número de profesores-titores iniciais, serán propostas polo Centro Asociado á UNED en Pontevedra ao Concello de Vigo. De ser aprobada polo órgano competente do Concello de Vigo esta modificación, farase a modificación equivalente na contía da transferencia. O Concello transferirá ao Centro Asociado á UNED en Pontevedra, así mesmo, a cantidade necesaria para os gastos de material funxible de oficina, así como para outros gastos varios para o seu normal funcionamento, por un importe anual de **13.500,00 euros**, así mesmo modificable anualmente en función do incremento do IPC, ou por acordo expreso entre as partes."

13ªbis) "Para a implantación progresiva dos graos citados, o Concello transferirá ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra anualmente --a maiores da cantidade indicada na cláusula 13ª para a implantación do curso de Acceso a Maiores previsto na estipulación 3ª do Convenio-- as cantidades (nas anualidades) estimadas no seguinte cadro:

Grao/Ano	2014	2015	2016	2017	2018
Custo Titoría					
Dereito	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Educación Social	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería informática	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería en tecnoloxías da Información	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Turismo	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Total custo titorías	6.976,25	30.230,25	53.484,25	76.738,25	93.016,00
Bibliografía	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00
TOTAL todos os Graos	11.976,25	35.230,25	58.484,25	81.738,25	98.016,00

15ª) "Xustificación da achega municipal: Conta xustificativa final. Dentro do primeiro trimestre de cada ano, deberá presentarse por parte do Centro Asociado á UNED en Pontevedra UNED a conta xustificativa final na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outros recursos que, se é o caso, financiaran tamén a Aula da UNED en Vigo.

A documentación da conta xustificativa final deberá incluír unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos incorridos coas remisións pertinentes aos xustificantes de pagamento.

Documentación xustificativa

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal. Serán gastos elixibles os que de xeito indubidable respondan á natureza das actividades financiadas e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de cada ano de vixencia do Convenio.

Cando o gasto singularizado exceda dos 18.000 euros no caso de subministros ou servizos, a UNED deberá solicitar tres ofertas, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións, cuestión esta que deberá ser motivada.”

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de 04/11/2016 aprobou o cadro financeiro resultante da suma dos distintos compromisos derivados dos acordos tomados dende a sinatura do convenio coa progresiva implantación de novos grados:

“Terceiro.- Aprobar o seguinte cadro financeiro de transferencias á UNED no período 2016-2020, correspondente aos custos estimados da Aula UNED Vigo nos conceptos de coordinación, titorías e materiais dos cursos de acceso, dos grados aprobados no curso 2014-2015 e dos grados aprobados para o seu inicio no curso 2016-2017:

GRADO	ANO	2016	2017	2018	2019	2020
Ciencias ambientais		1.674,27	7.813,26	13.394,16	16.742,70	10.045,62
Estudos ingleses		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Psicoloxía		1.674,27	7.813,26	13.394,16	18.975,06	13.394,16
Admon. E Dirección Empresas		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Pedagoxía		0,00	1.488,24	5.208,84	7.441,20	4.464,72
Xeografía e Historia		558,09	3.348,54	7.069,14	10.045,62	6.697,08
Historia da Arte		1.116,18	5.208,84	8.929,44	11.161,80	6.697,08
Ciencia política e da Administración		1.674,27	7.069,14	10.789,74	13.022,10	7.813,26
Bibliografía		8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00	8.000,00
TOTAL NOVOS GRADOS 2016-2020		18.045,62	54.879,56	88.364,96	111.432,68	72.738,44



Concello de Vigo

TITORÍAS E COORD. CURSO AC-CESO		37.858,00				
MATERIAL E BIBLIO CURSO AC-CESO		10.500,00				
BIBLIOGRAFÍA GRADOS ADENDA		5.000,00				
TITORÍAS GRADOS ADENDA		53.484,25				
TOTAL FINAL A CONSIGNAR		124.887,87	54.879,56	88.364,96	111.432,68	72.738,44

A cantidade pagada á UNED (un só pagamento) no ano 2019 foi a seguinte (expte 23853/332):

CONCEPTO	EUROS
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- titores acceso (*)	37.858,80
Aportación á UNED CONVENIO (expte 11959/332)- materiais (*)	10.500,00
Aportación á UNED adenda 1 CONVENIO (expte 15472/332)- TITORES GRADOS +biblio	98.016,00
Aportación á UNED ampliación de grados (expte 17054/332) -Titores + biblio	111.432,68
TOTAL PARCIAL	257.807,48
Débeda a compensar pola UNED no exercicio 2019	-68.575,32
TOTAL PAGADO Á UNED ANO 2019	189.232,16

XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO 2019:

Na conta xustificativa presentada polo Centro Asociado de Pontevedra da UNED, constan os seguintes gastos efectivos durante o ano 2019:

	Concepto	EUROS	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	5.502,36	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	34.794,76	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	138.559,10	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	4.822,50	Outros gastos material
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	178.856,22	
10	SUBTOTAL Material	4.822,50	
11	TOTAL XERAL xustificado	183.678,72	

En relación coa documentación presentada pola UNED na Conta Xustificativa e cos antecedentes citados:

a) Os gastos realizados **correspóndense coa documentación xustificativa** presentada, que consta de:

- Relacións mensuais dos profesores-titores que impartiron as clases correspondentes ao curso de acceso e grados e da coordinadora da Aula, coa carta de pagamento e documentación de transferencias de Banca electrónica ás contas correntes dos beneficiarios.
- Facturas de provedores de material bibliográfico se ben **non constan** os correspondentes xustificantes bancarios de pagamento (enténdese que o gasto realízase na propia librería da entidade UNED, razón pola que entendemos que non existe transferencia).

b) Da revisión realizada sobre a conta xustificativa resultaría a seguinte cantidade a compensar ou reintegrar polo CONCELLO DE VIGO:

Pagado 2019	Xustificado UNED	A reintegrar/compensar UNED
189.232,16	183.678,72	5.553,44

En consecuencia, faise a seguinte **PROPOSTA**:

1. Considerar como gastos xustificados pola **UNED** correspondentes ao ano **2019**, un total de **183.678,72 €**

	Concepto	€	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	5.502,36	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	34.794,76	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	138.559,10	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	4.822,50	Outros gastos material
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	178.856,22	
10	SUBTOTAL Material	4.822,50	
11	TOTAL XERAL xustificado	183.678,72	

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de **5.553,44 €**, conforme ao seguinte cadro:

Pagado 2019	Xustificado UNED	A reintegrar/compensar UNED
189.232,16	183.678,72	5.553,44



Concello de Vigo

3. Notificar á UNED os extremos contidos no presente informe-proposta para a presentación das alegacións que considere oportunas, sinalándolle que, de sé-lo caso e resultarlle un saldo negativo, as opcións que lle poden corresponder son: a aportación de novos xustificantes que sexan adecuados ao obxecto do Convenio e ao período subvencionable, a posibilidade de reintegro polo exceso non xustificado ou o desconto nas aportacións municipais ao convenio no exercizo do ano 2020."

A Intervención Municipal en data 08-10-2020 informa que: "Examinada a composición da conta xustificativa achegada pola UNED esta Intervención estima que se axusta aos termos sinalados na cláusula 15 do Convenio e por tanto se xustifican adecuadamente as actividades realizadas e os gastos incorridos no exercizo 2019", polo que o expediente fiscalízase de conformidade.

Conforme ao recollido no apartado 3º do informe-proposta que antecede, en data 16-10-2020 (doc 200189059) o Consorcio Universitario do centro asociado da UNED de Pontevedra informa que:

"Una vez examinado dicho informe-propuesta, quisiéramos compensar la diferencia existente a favor del Concello de Vigo por importe de **5.553,44 €** descontando la citada cantidad de la aportación a percibir durante el ejercicio 2020."

Á vista do exposto, coa conformidade do Concelleiro de Educación e do Concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, e de conformidade co artigo 127.1. g) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

1(888).- Considerar como gastos xustificadas pola UNED correspondentes ao ano 2019, un total de **183.678,72 €**

	Concepto	Euros xustificación	Concepto en relación co Convenio
1	Coordinación da Aula	5.502,36	Coordinación
2	Becas colaboración (titores acceso)	34.794,76	Profesorado-titor
3	Becas colaboración (titores grados)	138.559,10	Profesorado-titor
6	Material bibliográfico	4.822,50	Outros gastos material
8	SUBTOTAL DOCENCIA 1+2+3	178.856,22	
10	SUBTOTAL Material	4.822,50	
11	TOTAL XERAL xustificado	183.678,72	

2. Deberase reintegrar ao Concello de Vigo ou compensar por parte da UNED a cantidade de **5.553,44** €, conforme ao seguinte cadro:

Pagado 2019	Xustificado UNED	A reintegrar/compensar UNED
189.232,16	183.678,72	5.553,44

3. Notificar á UNED o presente acordo.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(889).- DAR CONTA DAS “NORMAS DE PECHE DO EXERCICIO ORZAMENTARIO 2020”. EXPTE. 70/142.

Dáse conta da resolución do 23/10/2020, do concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Aplicación subxectiva: Entidade Local e o Organismo Autónomo Administrativo XMU.

Aplicación obxectiva: ás operacións e procedementos regulamentados nestas normas

A regulación das operacións de peche do exercicio de 2020 en relación co control e a contabilización dos rexistros que se derivan da execución do estado de gastos e ingresos dos orzamentos así como dos movementos non orzamentarios, fai necesario ditar as oportunas instrucións aos efectos de garantir que os procedementos de tramitación e procesos de contabilización se fagan tendo en conta o principio contable de devengo.

I.- Antecedentes

A Resolución de 21 de MARZO de 2018, aprobada pola Comisión Mixta para as Relacións co Tribunal de Contas, en relación ao informe de fiscalización sobre a rendición de contas das entidades locais, exercicio 2015, (BOE nº 120 de 17 de maio de 2018), fai referencia a necesidade dunhas normas de peche.

Respecto das actuacións que se insta a realizar polos Entes Locais destacan:

- Establecer os mecanismos e procedementos internos necesarios para asegurar un axeitado seguimento do proceso de rendición das súas contas xerais, así como para que éste realícese no prazo legalmente previsto.
- Adoptar os procedementos necesarios para garantir que o orzamento cumpra coa súa función de instrumento efectivo da planificación da súa actividade económico-financiera, para o que resulta esencial a aprobación e liquidación do mesmo dentro do prazo legalmente previsto.
- Adoptar as medidas necesarias para que o seu sistema de información contable permítalles efectuar actuacións de control financeiro, así como o cumprimento dos niveis de información e detalle esixidos para a memoria das contas anuais.



Concello de Vigo

- Implementar os mecanismos apropiados para garantir a adecuada conexión entre os rexistros administrativos a través dos que se reciben facturas, co rexistro contable de facturas, para reducir o risco de erros, atrasos ou incidencias na anotación das mesmas, que puidesen afectar á fiabilidade da información contable.
- Elaborar e aprobar unha instrución que regule as operacións a realizar a peche de exercicio, de modo que se garanta a correcta aplicación dos principios de imputación orzamentaria, de devengo e anualidade orzamentaria.
- Aprobar polo Pleno das entidades locais normas para o exercicio e desenvolvemento da contabilidade financeira e seguimento da execución orzamentaria, que permitan o adecuado rexistro no sistema de información contable de todas as operacións, a aplicación homoxénea dos criterios a seguir na aplicación do marco conceptual da contabilidade pública e dos criterios de recoñecemento e valoración recollidos nas instrucións de contabilidade, así como facilitar o cumprimento dos fins da contabilidade local.

Aos efectos de dar cumprimento á Resolución do Alto Tribunal, esta Entidade dende hai máis de 10 anos, está aprobando unhas normas de peche, que ademais teñen regulación nas propias Bases de Execución do Orzamento (DA SEXTA).

Para conseguir os obxectivos de transparencia e cumprimento da LOEPSF, os distintos niveis da Administración para facilitar o peche anual, elaboran e poñen en vigor unhas instrucións que sirvan ás distintas unidades-servizos xestores como guía para a tramitación dos procedementos administrativos e de execución de fin de exercicio.

O cumprimento dos procedementos de tramitación das obrigas, liquidación de dereitos e recadación dos mesmos, ten como obxectivo o de dar cumprimento ao previsto no artigo 11 e 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, de tal xeito que, os ingresos recoñecidos e recadados aplíquense aos conceptos na súa totalidade antes do peche do exercicio, e o gastos, estéense a computar na súa totalidade aos efectos de verificar si se está a cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Por outra banda, o non recoñecemento de obrigas devengadas no ano por parte do Concello ou o seu Organismo Autónomo Administrativo, estaría a afectar ao cumprimento do previsto no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, por non estar a contabilizarse a totalidade das obrigas que conforman gasto computable nos termos previstos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), polo que, non se estaría a cumprir coa Regra de Gasto nos termos do SEC-2010 (Regulamento 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea.

Tamén se estaría a incumprir co Período Medio de Pago regulamentado no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, coas modificacións introducidas polo Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro e coa Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

En consecuencia co anterior, é de obrigado cumprimento para os servizos xestores, tramitar as operacións que afecten ao cumprimento dos obxectivos previstos na Lei Orgánica 2/2012, dentro do ano 2020, sen excepción algunha.

En cumprimento do regulamentado na Disposición Adicional Sexta das Bases de Execución do Orzamento para o ano 2020, antes de empezar o mes de novembro, a Concellería Delegada de Orzamentos e Facenda, dará a coñecer á Xunta de Goberno Local, as normas e prazos de tramitación e peche daqueles expedientes ou operacións que afecten ao orzamento (tramitación de facturas, fondos a xustificar e rendición dos mesmos, expedientes de indemnizacións substitutivas, devolución de ingresos indebidos, anulación de dereitos, trami-

tación de fases contables, etc.), coa finalidade de garantir o cumprimento dos prazos legais de peche e liquidación dos orzamentos.

Na súa virtude, se dispoñen as seguintes normas:

II.- Tramitación de expedientes de contratos menores

A solicitude de retencións de crédito para a tramitación posterior de facturas dentro do exercicio orzamentario efectuarase ata o día **28 de decembro**. Esta data hai que entendela de entrada na unidade de Contabilidade, sempre que se expida o documento contable nesa data. Aquelas retencións de crédito que se rexistrasen e que non fosen obxecto da tramitación da correspondente factura dentro do exercicio económico, quedarán anuladas ao peche do exercicio. Así mesmo, na tramitación destes expedientes se suxeitarán á tramitación electrónica actualmente en vigor, debendo estar asinados electronicamente nas devanditas datas.

En todo caso, tendo en conta a obriga de tramitación da factura electrónica para os suxeitos regulados no artigo 4 da Lei 25/2013, na tramitación do expediente terase en conta tal circunstancia, debendo estar rexistrada e verificada polo servizo correspondente a factura na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2020. Sendo o prazo límite deste tipo de procedementos o do 28 de decembro, será o servizo xestor do expediente, que en atención ao cumprimento dos requisitos legais, estableza un prazo anterior, sendo obrigatoria a imputación do gasto (fase O), dentro do exercicio 2020.

III.- Tramitación de documentos contables de autorización e compromiso do gasto

Os expedientes que previa aprobación polo órgano competente, requiran a expedición dos documentos contables en fase D, AD, terán como data límite de entrada **no Servizo de Contabilidade o día 29 de decembro, para que sexan contabilizados con data 30.**

As unidades-servizos xestores, extremarán as accións de seguimento dos expedientes que lle afecten e que son obxecto de adxudicación nas derradeiras sesións da Xunta de Goberno Local, para a súa remisión ao Servizo de Contabilidade dentro do ano e coa data límite establecida para a súa contabilización.

Se non se remitise o expediente fisicamente, ao menos haberá que facelo electronicamente.

De non facer a remisión, no será posible rexistrar a fase contable preceptiva e expedir o documento, en consecuencia, o gasto non terá a súa imputación ao orzamento do ano 2020, xa que un expediente que electronicamente se envíe ao servizo de Contabilidade con data 2021, non se poderá ser obxecto de rexistro contable con data 2020.

IV.- Fondos a xustificar

Os fondos expedidos a xustificar con cargo ao orzamento corrente tramitaranse **ata o día 28 de decembro**, debéndose ter en conta os prazos para a súa rendición que se regulan na instrución de servizo 01/2006, de 24 de novembro. As contas deberán estar rendidas antes do peche do exercicio orzamentario, e dicir, con data límite 30 de decembro, seguindo os procedementos rexistrados que lle corresponde efectuar ao habilitado/a. A xustificación da rendición da conta dentro do ano, é a necesidade legal de incorporar os saldos das contas restrinxidas de pagos a xustificar ás contas operativas, de tal xeito que, o saldo líquido este incluído na Acta de Arqueo de final de ano. En consecuencia, calquera que sexa o importe dos fondos pendentes de xustificar en poder do habilitado/a e o prazo que levan na conta restrinxida de habilitación, o prazo de rendición é con data límite o **30 de decembro**.



Concello de Vigo

Sen excepción algunha, os pagamentos que deran lugar a algunha retención, deberán renderse dentro do ano para facer o ingreso na Axencia Estatal Tributaria na liquidación anual, sendo responsabilidade exclusiva do habilitado, a situación xerada pola retención dun importe no ano e non contabilizado para o seu ingreso dentro das liquidacións fiscais do período. Todas as contas restrinxidas dos habilitados/as deberán quedar con saldo CERO a finais do ano. Se nalgunha delas houberse algún rendemento financeiro, deberán darse instrucións á entidade financeira para que os traslade ás contas operativas da Entidade antes de rematar o ano.

Os Habilitados/as comprobarán que a súa conta contable non rexistra un saldo impropio (acredor), xa que neste caso, é probable que se estivesen a aplicar pagos á conta da que son responsables, estando os fondos ingresados noutra, ou (saldo debedor cando debería ser Cero), neste caso, pode que se estivesen aplicando os pagamentos á conta doutro habilitado/a.

Para coñecer cales son os erros habituais no tratamento dos fondos a xustificar, deberase ter e conta as instrucións remitidas a todo-los habilitados/as en data 28 de febreiro de 2008. En relación coas verificacións dos saldos, estarase as normas do Servizo de Contabilidade de data 27 de febreiro de 2008, remitidas aos Sres./as Habilitados/as.

V.- Tramitación de Facturas

Respecto da tramitación de facturas para seu control e contabilización en Fase de execución orzamentaria "O" ou "ADO", recibiranse para a súa imputación ao orzamento corrente **ata o día 30 de decembro**. Enténdese esta data como límite para que esta **Unidade Administrativa de Contabilidade reciba nas súas dependencias** os citados documentos ou na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas dentro do ano 2020. Os citados documentos mercantís ou aqueles que os substitúan e que poidan xerar obrigas para o Concello, se remitirán coa preceptiva documentación acreditativa da prestación e cos demais requisitos que regulan as Bases de Execución do Orzamento (Base 18ª e 19ª) e o Real Decreto 1619/2012.

As unidades xestoras, aos efectos de dar cumprimento ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, ademais de non perder os créditos, tramitarán as facturas dentro do vixente ano orzamentario (incluídas as prestacións correspondentes aos contratos ata o mes de decembro inclusive). Coa excepción aplicable a determinados investimentos que teñen o seu financiamento afectado, non hai excepcións á tramitación das facturas dentro do ano 2020.

Para os contratos de tracto sucesivo, a prestadora ou subministradora, emitirá a factura igualmente dentro do ano 2020, as diferenzas ou desconformidade con algún dos conceptos contidos na mesma, serán obxecto de regularización na factura de xaneiro do ano 2021.

Con respecto a este extremo, con esta mesma data se da a coñecer unha circular sobre o tratamento específico das facturas no mes de decembro.

Polo tanto, en aplicación do principio de Devengo, as unidades xestoras deberán artella-los procesos para tramitar toda as facturas que se correspondan con gastos de prestacións de servizos, subministro ou obras dentro do vixente ano e até o 30 de decembro.

Os responsables das sinaturas das facturas, extremarán a vixilancia para aquelas facturas que non tivesen entrada en FACe o 30 de decembro, xa que poderían ter entrada o 31 de decembro, día inhábil para os empregados da Entidade por Convenio, pero hábil a nivel nacional, polo que terían que asinar o documento o día 31 de decembro.

A tramitación da factura comprende a fase Rexistrada (R) cando se produce a descarga do documento da plataforma FACe, co número de rexistro do punto de entrada ou cando se produce a anotación no Rexistro Xeral, enviada ao servizo xestor para a súa conformidade ou desconformidade (E), Devolución da mesma por desconformidade (D), Anulada polo provedor (A),

Verificada de conformidade (V), polo que a data 30 de decembro, tan só pode estar en estado de Anulada (A), Devolta (D) ou conformada (V). Cando se produza unha devolución, hai que comunicar tal circunstancia ao servizo de Contabilidade aos efectos de facer o preceptivo rexistro da devolución na plataforma FACe, debendo figurar no expediente, a causa e a Resolución do Sr. Concelleiro Delegado.

Non poderá quedar factura algunha sen tramitar. A totalidade dos gastos nos que se houberse incorrido no ano, deberán ter a súa imputación ao orzamento do ano 2020, sen excepción algunha.

De non darse cumprimento a esta instrución, estarase a incumprir un dos instrumentos legais básicos no ámbito do Sector Público, a Lei de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Os responsables da sinatura de conformidade do servizo, subministro ou obra, ao obxecto de dar cumprimento aos prazos de pagamento (30 días dende a súa conformidade), disporán de cinco días naturais a partires da entrada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado ou no Rexistro Xeral se fose o caso, para dar conformidade a factura e remitir a mesma para súa fiscalización. En ausencia do responsable, deberase informar quen é o responsable da sinatura. O devandito prazo, non é ampliable en ningunha circunstancia. Si a factura non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleiro/a Delegado/a, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Os responsables dos servizos, terán que solicitar dos provedores-contratistas, que remitan a factura dentro do ano, e antes de rematar a xornada do día 30 de decembro, debendo quedar a factura en algún dos estados antes relacionados (Verificada ou Rexeitada).

VI.- Xustificantes e rendición de subvencións

As subvencións que as súas Bases e convocatoria contemplan a xustificación das mesmas dentro do exercicio, deberán ser remitidas para a súa comprobación con **data límite o día para a súa xustificación, ata o de 16 de novembro**, aos efectos de subsanar dentro do exercicio calquera defecto na documentación recibida, ben porque os documentos xustificativos non son axeitados ou suficientes, ou por algún incumprimento das Bases e convocatoria das subvencións.

Os responsables das unidades e servizos xestores das axudas e subvencións, tramitarán as xustificacións das mesmas tendo en conta os requisitos establecidos e aprobados para cada caso, sendo da súa responsabilidade ou da/o beneficiario o incumprimento de prazos e defectos na documentación presentada para a xustificación das subvencións.

De non achegarse os xustificantes nos prazos establecidos nestas normas de peche, ou estes non se axustasen ao previsto nas Bases e convocatoria ou no convenio, perderán o dereito a mesma.

De ser axustados ao obxecto e finalidade da mesma, a/o responsable fará constar que os xustificantes dan cumprimento á finalidade da subvención, emitindo informe proposta favorable para a súa rendición.

Se a xustificación non é completa, expedirase a orde de pago exclusivamente pola contía que fose aceptada como xustificativa da mesma. O/A xefe/a do servizo, na súa comprobación, emitirá un informe no que faga constar que a documentación recibida non se axusta ás Bases e convocatoria, polo que, propón a tramitación do importe parcial pola documentación aceptada como gasto elixible.



Concello de Vigo

VII.- Indemnizacións substitutivas

No caso excepcionalísimo de tramitación de algún expediente que conteña procedementos de indemnización substitutiva por actuacións sen procedemento ou omisión de trámites, recibiranse para a súa fiscalización e expedición de documento contable "RC" **ata o día 14 de decembro**, sempre e cando a unidade xestora do expediente, teña capacidade-posibilidade para incluír o asunto na orde do día da Xunta de Goberno Local dentro do ano no que se está a tramitar o expediente, e ademais, con posterioridade ao acordo da Xunta de Goberno, terá que remitirse ao servizo de Contabilidade o expediente, **antes do 30 de decembro** para a contabilización da Fase ADO, xa que ésta é a data límite para efectuar este tipo de operacións (contabilización de facturas), que deberá quedar en fase de ordenación de pago para o seu pagamento en xaneiro do ano 2021.

Os expedientes deste tipo, formaranse e seguirán o procedemento regulado no artigo 28 do RD 424/2017, de 28 de abril e na Base 28ª das de Execución do Orzamento, debendo estar completos e en condicións formais e legais de ser tramitados, en caso de non concorrer tal circunstancia, a unidade xestora responsabilizarase do expediente e tramitará, se fose o caso, o mesmo con cargo o exercicio orzamentario seguinte, sempre tendo en conta, que no ano seguinte, a cualificación xurídica do expediente sería outra.

De darse a excepcionalidade do caso, ao existir facturas ou gastos que deberían estar imputados ao orzamento do ano 2020 e non o fixeron, deberá acreditarse esta circunstancia ao Servizo de Contabilidade aos efectos de facer o axuste correspondente sobre gastos devengados non imputados ao orzamento, que terán efectos sobre a estabilidade orzamentaria e sobre o cumprimento da Regra de Gasto, así como sobre o Período Medio de Pagos e morosidade comercial, xa que habería documentos mercantís rexistrados que quedarían contabilizados na Conta 413 que non estarían imputados ao orzamento sobre os que están a transcorrer os prazos legais de pagamento, que poderían dar lugar a que non se cumpriran os prazos legais de pago.

IX.- Devolución de ingresos indebidos con cargo ao orzamento ou por ingresos duplicados ou excesivos

Os expedientes por devolución de ingresos indebidos, tanto de carácter orzamentario como non orzamentario, aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a súa contabilización con **data límite 15 de decembro**. Aqueles que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen tramitados ao servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, remitiranse para a súa contabilización con data 2021. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao Servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo até que se realice a nova remisión.

En relación coas Ordes e pago por devolución de ingresos indebidos, tendo en conta a problemática que xorde para o seu pago no ano seguinte, deberase facer o pagamento das mesmas dentro do ano que se expiden. O Servizo de Contabilidade deberá enviar para Tesourería as ordes de pagamento por devolución de ingresos indebidos con data límite do **21 de decembro** e Tesourería deberá facer o pagamento dentro do ano 2020. De non cumprir coas datas, os expedientes de devolución de ingresos, tanto por ingresos indebidos como duplicados ou excesivos, a súa ordenación de pago deberá facerse no ano 2021.

X.- Baixas por anulación de dereitos de exercicio corrente ou pechado. Dereitos cancelados por insolvencias, ou outras causas de exercicio corrente ou pechado.

Os expedientes por anulación de liquidacións, tanto de orzamento corrente como pechados, que houberen sido fiscalizados e aprobados no ano, remitiranse ao servizo de Contabilidade para a contabilización da baixa con **data límite 14 de decembro**.

Os expedientes que se tramiten para a súa **fiscalización** e aprobación, que se pretenda a súa contabilización dentro do ano 2020, deberán ser remitidos, con **data límite 11 de decembro**, sempre e cando, a unidade xestora do expediente (Xestión tributaria, Inspección, Seguridade, Recadación), remita o expediente para a súa contabilización antes do día 14 de decembro.

Aqueles expedientes que tivesen aprobación no ano natural, pero non fosen enviados ao Servizo de Contabilidade para o seu rexistro contable dentro do ano, coa data límite de **14 de decembro**, remitiranse para a súa contabilización con data 2021. En ningún caso quedarán os expedientes con cargo ao servizo de Contabilidade se non fosen tramitados dentro da data límite que se establece, sendo a unidade xestora do expediente a custodiadora do mesmo ata que se realice a nova remisión.

O servizo de Recadación deberá extremar as cautelas, de tal xeito que si se rexistran baixas nos aplicativos de Recadación correspondente aos acordos adoptados e non se envía o expediente para a súa contabilización na data límite do 14 de decembro, producirase unha falta de conciliación entre os sistemas SICAP e WinGT, que xerará unha tarefa en WinGT de cambio de data dos recibos cargados e non contabilizados en SICAP.

Para garantir que os servizos implicados rexistran as operacións dentro do mesmo exercicio, deberán comunicar con anterioridade ao rexistro contable/recadación a súa preferencia.

XI.- Rexistro e contabilización de dereitos

O servizo de Contabilidade e o de Recadación, verificarán que todos os acordos adoptados, así como as modificacións orzamentarias tramitadas e contabilizadas, teñen o seu preceptivo cargo en recadación, de tal xeito que esta é garantida que a información nos distintos módulos é coherente.

En relación cos cargos relativos ás modificacións orzamentarias que xurdan por xeración de créditos nos estados de gastos, estarase ao previsto no expediente 36/143, "NORMAS CONTABLES DE APLICACIÓN OBRIGATORIA PARA TODO GASTO QUE TEÑA FINANCIAMENTO AFECTADO, CALQUERA QUE SEXA O COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO." O dereito recoñecido será polo importe das obrigas recoñecidas.

XII.- Tramitación de expedientes de Inspección e de xestión por revisión de autoliquidación do ICIO

Aos efectos de imputar ao orzamento de ingresos as propostas de aprobación por actas de inspección e de revisión das autoliquidacións do ICIO, os expedientes terán que cargarse en Contabilidade e en Recadación con **data límite 14 de decembro**. Os restantes expedientes con proposta de liquidación e aprobación por órgano competente que non se remitan nos prazos referenciados, serán obxecto de tramitación no ano 2021 e a súa imputación será ao estado de ingresos do 2021.

XIII.- Tramitación de aprazamentos e fraccionamentos

Aos efectos de reservar a última quincena do ano para as operacións de comprobación e rectificación, as propostas de aceptación de aprazamento e fraccionamento solicitados, serán tramitadas con **data límite do 14 de decembro**, e a súa contabilización deberá estar rexistrada con **data límite do 30 de decembro**.



Concello de Vigo

XIV.- Aplicación da Recadación

Aos efectos de garantir que a información correspondente ao cuarto trimestre que hai que render ao Ministerio de Facenda, estea operativa e utilizable, os servizos de Recadación e Contabilidade desenvolverán as súas tarefas e organizarán os recursos e demais axustes técnicos, de tal xeito que estean aplicados con **data límite 12 de xaneiro 2021**, para que estean aplicados todos os ingresos do ano 2020 nesa data.

XV.- Contabilización de Facturas

Tendo en conta o prazo máximo de entrada das facturas no servizo de Contabilidade (30 de decembro), aos efectos de completar e render a información na plataforma do MINISTERIO DE FACENDA correspondente ao cuarto trimestre, este servizo fará a contabilización de todos os documentos xeradores de obrigas nos **primeiros 12 días do ano 2021**, facendo a planificación das tarefas, axuste de calendario e medios para dar cumprimento ao obxectivo, polo que tal circunstancia pode supoñer unha replanificación no disfrute dos días de libre disposición ou do período vacacional se fose o caso.

XVI.- Anulación de créditos no estado de gastos

Unha vez feitas todas as operacións e, en aplicación do previsto no artigo 175 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, os créditos para gastos que o último día do exercicio orzamentario non estean afectos ao cumprimento de obrigas xa recoñecidas, quedarán anulados de pleno dereito, sen máis excepcións que as sinaladas no artigo 182 do TRLRFL.

Así mesmo, os créditos orzamentarios que fosen obxecto de financiamento con cargo ao Remanente Líquido de Tesourería, que xa fosen incorporados ao orzamento do ano 2020, non poderán ser incorporados de novo ao orzamento do ano 2021 se non se executaron no transcurso do ano 2020.

Recordar igualmente, que os Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito tramitados no ano 2020, que se reflicten nos expedientes de modificación orzamentaria nº 63/2020 e 64/2020, serán obxecto de incorporación como remanentes de crédito ao Orzamento do ano 2021, aínda que os créditos non se atopen na Fase contable "D" dentro do ano.

En relación aos créditos afectos a contratos, salvo as excepcións previstas para os investimentos, deberán ser obxecto de execución no ano, de non ser así, as devanditas facturas imputaranse aos orzamentos do ano 2021. En consecuencia, os servizos xestores velarán pola tramitación das facturas en prazo, sempre dentro do ano 2020.

En resumo, os créditos dos capítulos I, II, III, IV, VI, VII e IX que non estean asociados a obrigas recoñecidas, quedarán anulados ao peche do exercicio, ao marxe da fase orzamentaria na que se atopen os créditos.

Excepcións:

- a) Que teñan financiamento afectado, nese caso, se incorporarán como unha modificación orzamentaria ao orzamento do ano 2021 unha vez que se liquide o orzamento do ano 2020.
- b) Os créditos correspondentes ao crédito extraordinario dos expedientes de modificación número 63/2020 e 64/2020.
- c) Os que non tendo as condicións dos apartados anteriores, estean en fase "D", coa excepción dos contratos menores e que fosen incorporados como remanentes de crédito ao orzamento do ano 2020.

Os servizos xestores do expediente de gasto, remitirán unha solicitude coa conformidade do Sr. Concelleiro/a Delegado/a, para a incorporación dos créditos, cando estes teñan a cualificación de afectados.

Os servizos xestores, dando cumprimento as normas internas vixentes, tramitarán as facturas que reciban dentro dos 5 días seguintes ao da súa recepción.

XVII.- Anulación de RCs, As, As/RCs nos proxectos de investimento.

Aos efectos de que non se produzan coeficientes de financiamento afectado erróneos nos proxectos, aquelas operacións que non vaian ser traspasadas ao ano seguinte, deberán ser obxecto de baixa, mediante a anulación da retención de crédito e da autorización se fose o caso, e facer as operacións MODPYGDI e MODPYIDI pola contía anulada. Se os proxectos non teñen financiamento afectado, non será necesario facer os axustes. Os axustes correspondentes ás operacións de referencias, teñen unha importancia determinante para o cálculo das desviacións de financiamento, tanto do ano como as acumuladas.

XVIII.- Pagamentos

Aos efectos de dar cumprimento aos prazos de pagamento previstos no artigo 198 da Lei de Contratos do Sector Público, de 8 de novembro, do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, e Real Decreto 1040/2017, de 22 de decembro, os servizos xestores conformarán e tramitarán as facturas que reciban nos cinco días seguintes a súa recepción.

De non ser conforme a mesma, no mesmo prazo, informarán a desconformidade e proporán ao seu Concelleiro/a Delegado/a a súa devolución, facendo a notificación á mercantil titular do dereito de cobro, facendo constar na proposta de anulación e na resolución, os recursos aos que ten dereito, prazos e lugar de presentación.

Se a factura foi presentada na plataforma FACe-Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, se a mesma non é correcta, deberase informar motivadamente sobre a desconformidade, e cunha resolución do Sr/a. Concelleiro/a Delegado/a, deberase dar de baixa no xestor corporativo de expedientes e comunicar ao Servizo de Contabilidade tal circunstancia para cambiar o estado da mesma no rexistro contable de facturas (Devolución da mesma por desconformidade (Estado D)) e que poña en coñecemento da plataforma FACe tal circunstancia, neste caso, de devolución da factura.

Pola Tesourería-Pagos, axustaranse os procedementos de pagamento coa máxima brevidade posible, aos efectos de facer o máximo de pagamentos dentro do ano, tendo como obxectivo, reducir os saldos de créditos comerciais con provedores a finais do exercicio e mellorar o prazo medio de pagamento.

XIX.- Operacións rexistradas en formalización

As operacións en formalización rexistradas contra calquera das divisionarias da conta 557, terán que quedar saldadas a **30 de decembro**, sen excepción algunha, polo tanto, os responsables que teñan ao seu cargo a contabilización de operacións con cargo a este tipo de contas, verificarán o cumprimento deste extremo.

No caso de retencións por incumprimento da xornada laboral, o seu saldo aplicarase ao orzamento de ingresos, cunha **operación DR-I cuxo ingreso será mediante un cargo na conta contable 5572.**

En canto aos **pagos agrupados**, se non se vai materializar o pago dentro do ano 2020, non procede facer este rexistro, e o pago farase con cargo ao ano 2021.

Verificarase igualmente que non queda saldo na conta contable 5576, para iso verificarase que todas as operacións rexistradas no ano por ADOPRPN, PAGONOM e RETRONOM e si fose o caso RPNOM, están saldadas. De existir saldos de exercicios pechados, hai que investigar a procedencia e terá que ser saldada con outra conta, que por erro foi cargada ou abonada na substitución de esta (antes 579).



Concello de Vigo

Sempre que se rexistre unha operación na que a conta 557 teña cargos ou abonos, comprobárase que a operación queda totalmente pechada.

O tratamento destas contas ten que ser moi rigoroso, xa que o **Tribunal de Contas**, na rendición da Conta Xeral de cada ano, está a tipificar esta situación como incidencia a subsanar, por estar a alterar os saldos das contas de tesourería.

En consecuencia co anterior, cada un que faga uso de estas contas, terá **ata o 30 de decembro** para regularizar os saldos.

XX.- Ingresos pendentes de aplicación

En canto ao saldo de recadación pendente de aplicación ao peche do exercicio, xera efectos negativos nas seguintes variables e estados: Estabilidade orzamentaria, Remanente de Tesourería, Aforro Neto, Endebemento e ratio de recadación orzamentario. Dada a importancia que este saldo pode ter a finais do exercicio, deberá ser un obxectivo da Tesourería-Recadación, o de facer a aplicación de todos ingresos aos conceptos orzamentarios do orzamento corrente ou pechados segundo o caso, debendo xustificarse os supostos polos que non é posible a aplicación na súa totalidade.

O O.A. XMU, terá aplicado a totalidade dos ingresos recadados e as aplicación do resultado do PMS ao ter a condición de ingreso afectado, deberá ser obxecto da preceptiva modificación orzamentaria por xeración de créditos no estado de gasto, que será incorporada como remanente afectado ao Orzamento do ano 2021.

XXI.- Gastos polos cargos Seguridade Social a cargo do empregador do mes de decembro

A obriga de informar da totalidade da xestión orzamentaria e non orzamentaria ao Ministerio de Facenda dentro do mes de xaneiro, establécense uns prazos para a tramitación e contabilización das facturas, fases contables, recoñecemento de dereitos, aplicación de ingresos, devolución de ingresos indebidos, anulacións e baixas de dereitos, no entanto, un dos gastos orzamentarios importantes ao remate do ano son os gastos da seguridade social a cargo do empregador do mes de decembro, cuxo coñecemento non se ten ao remate do ano, sendo necesario establecer unha data para facer a contabilización deste gasto. En consecuencia, unha vez pechada a nómina do mes de decembro, farase a carga do custe da seguridade social de decembro máis a regularización do mes de novembro, fíxase a data límite do **30 de decembro 2020** para a contabilización do gasto de seguridade social do mes de decembro do ano 2020. Naqueles casos que non se teña a carga mediante un ficheiro, se incorporarán a información manualmente, sempre dentro desa data límite.

A regularización do mes de decembro se fará na carga da seguridade social do mes de xaneiro.

A carga do custe do mes de decembro seguirá o procedemento previsto, do que ten coñecemento o responsable da contabilización do capítulo I, sendo a carga unha vez que se faga a correspondente á nómina, polo tanto, unha vez que se faga a imputación e carga dos seguros sociais do mes de decembro a cargo do empregador, tamén se cargará a regularización do mes de novembro.

En canto a regularización do mes de decembro, ésta farase no mes de xaneiro, unha vez que se cargue a seguridade social de xaneiro, cargarase a regularización do mes de decembro.

Tendo en conta a modificación da Lei 34/2014, de 26 de decembro, de medidas en materia de liquidación e ingreso de cotas da Seguridade Social, establecendo a entrada en vigor do novo Sistema de Liquidación Directa, cabe a posibilidade de ter a liquidación con anterioridade á data límite, 23,59 horas do día 23 de xaneiro.

XXII.- Anticipos feitos ao persoal

Polos servizos técnicos que teñen ao seu cargo a contabilización dos anticipos ao persoal, verificarase que a contía das obrigas que figura na aplicación do orzamento de gastos é coincidente cos dereitos recoñecidos no concepto de ingresos.

Así mesmo comprobarase que non existe dereitos pendentes de ingreso por un período que supere as 24 mensualidades, de tal xeito que unha vez aplicados os reintegros do mes de decembro, non poderán quedar pendentes de reintegro os concedidos no ano 2018.

Para aqueles supostos de anticipos que estean pendentes de reintegro, iniciarase o preceptivo expediente conducente á regularización dos saldos.

XXIII.- Nómina do mes de decembro.

A Base 33ª.3 de Execución do Orzamento, establece que a nómina do mes de decembro, estará axustada aos prazos que regulen as instrucións de peche que serán aprobadas antes da entrada do mes de novembro. A tramitación das incidencias do mes de decembro aos efectos de formación da nómina e o seu pagamento, que será **o 22 de decembro**, as incidencias que afecten á nómina do mes de decembro, terán que estar aprobadas e remitidas ao servizo de nóminas, visadas polo servizo de fiscalización antes das **14 horas do día 11 de decembro**.

Proposta

Ao abeiro da Resolución de delegación de Competencias e da Disposición Adicional SEXTA das Bases de Execución do Orzamento, proponse ao Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, aprobar as Normas de Peche do Exercicio Orzamentario do ano 2020.

Notificación

Dese conta destas instrucións a todos os/as Sres./as Concelleiros/as Delegados/as aos efectos da súa comunicación aos Xefes/as de servizo das áreas da súa responsabilidade, Intervención, Secretaría, Asesoría Xurídica, Contratación, Recursos humanos, Contabilidade, Tesourería, Recadación Voluntaria e Executiva, Inspección, Dirección de ingresos e Xerencia Municipal de Urbanismo.

No entanto o anterior, estas normas de peche do exercicio orzamentario, xuntamente co oficio relativo á tramitación de facturas do mes de decembro, serán incorporadas a intranet para xeral coñecemento de todos os interesados.

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

6(890).-DAR CONTA DA RELACIÓN DE CONTRATOS MENORES TRAMITADOS NO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO DE 2020. EXPTE. 48646/446.

Dáse conta do informe-proposta de data 20/10/2020, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:



Concello de Vigo

Co fin de dar cumprimento ao sinalado no artigo 63 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público (LCSP 2017), que no seu punto 4 dispón que:

“A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente. A información a publicar para este tipo de contratos será, polo menos, o seu obxecto, duración, o importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, e a identidade do adxudicatario, ordenándose os contratos pola identidade do adxudicatario.

Quedan exceptuados da publicación á que se refire o parágrafo anterior aqueles contratos cuxo valor estimado fose inferior a cinco mil euros, sempre que o sistema de pago utilizado polos poderes adxudicadores fose o de anticipo de caixa ou outro sistema similar para realizar pagos menores.”

formúlase a seguinte **PROPOSTA**:

Dar conta á Xunta de Goberno Local dos expedientes de contratación tramitados polo procedemento de contrato menor no Servizo de Montes, Parques e Xardíns, nos meses de xullo, agosto e setembro de 2020.

Expte	Tipo	Asunto	Adxudicatario/a	Aplicación orzamentaria	Data resolución	Importe
13963/446	CMO	Obras de construción dun parque biosaudable na zona verde de Eugenio Arbones	Calfensa Proyectos, SL	1710.6190015	11/08/2020	15.712,09 €
13952/446	CMSER	Desbroce e limpeza de biomasa vexetal en fincas con risco de incendios incluídas na rede secundaria de faixas de xestión da biomasa forestal	Contratas Ancar, SL	1710.2279900	21/08/2020	18.148,79 €
48363/446	CMSER	Inspección de fincas con risco de incendios incluídas na rede secundaria de faixas de xestión da biomasa forestal	Manuel Peixoto Torres	1710.2279900	18/09/2020	18.148,79 €
48510/446	CMSUB	Adquisición de alimentos para os animais dos estanques	Pérez Groba Caramuxo, SL	1710.2211300	22/09/2020	500,00 €
13962/446	CMSUB	Subministro de valado de madeira para zonas verdes	Zona de Obra O Rosal, SLU	1710.6090000	01/07/2020	14.702,71 €

ACORDO

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(891).-PRÓRROGA DO CONTRATO DE COBERTURA DO SEGURO DE RISCOS DIVERSOS DA FLOTA DE VEHÍCULOS DE MOTOR DE TITULARIDADE DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 12550/445.

Visto o informe xurídico do 15/10/2020 e o informe de fiscalización do 19/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/10/2020, asinado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, o xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídico de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES.

1.- A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente de data 05/12/2017, na súa calidade de órgano de contratación acordou adxudicar a SEGUROS BILBAO COMPANHÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS o “Contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo”(expte. 12550-445) seguido por procedemento aberto e tramitación ordinaria; coas seguintes condicións o prezo total do contrato é de trescentos vinte e seis mil novecentos setenta e seis euros (326.976,00 euros) (exento de IVE). Os importes anuais das pólizas de cada categoría de potencia son os seguintes:

- Vehículos de 1a categoría:

- Hasta 75 Cv 450 euros
- De 76 a 118 Cv 450 euros
- Más de 118 Cv 450 euros

- Vehículos de 2ª categoría:

- Vehículos industriais 300 euros
- Vehículos agrícolas 300 euros

- Vehículos de 3a categoría (motocicletas):

- De 50 a 74 cc 500 euros
- De 74 a 149 cc 500 euros
- De 150 a 349 cc 500 euros
- De 350 a 499 cc 500 euros
- De 500 a 749 cc 500 euros
- Más de 749 cc 500 euros

- Outros vehículos: camións ríxidos, cabezas tractoras, remolques e semirremolques:

- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 7 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 10 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 15 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 20 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 25 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 34 Tm 1.200 euros
- PMA (Peso Máximo Autorizado) hasta 100 Tm 1.200 euros

- Propón as seguintes melloras:

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor e ocupantes do vehículo en 100 (%).
- Incremento da suma mínima asegurada por gastos asistencia sanitaria en centros non concertados 300 (%).
- En caso de sinistro considera que o Concello terá a condición de terceiro en relación a cobertura de danos aos bens propiedade do mesmo (distintos de vehículos).



Concello de Vigo

- Incremento da suma mínima asegurada por falecemento e invalidez permanente de condutor de motocicleta 300 (%).
- Incorporación da coberturas incendio, roubo e perda total en vehículos de menos de cinco ano de antigüidade sen franquía.
- Cobertura de danos en vehículo producidos polo impacto, colisión ou atropelo dun animal cinxético, en todo caso e sempre que medie atestado.

2.- Trátase dun contrato privado de servizo de seguros, dos incluídos na categoría 6 do Anexo II do TRLCSP, segundo o artigo 20.1 do TRLCSP. O referido contrato formalizouse en documento administrativo en data 30/12/2017, constando na cláusula cuarta o prazo de execución, o cal é de dous anos contado a partir das 00.00 horas do día 1 de xaneiro de 2.018 e tendo previstas dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

Primeiro.- De conformidade co artigo 20.1 do TRLCSP, o contrato de servizo de seguros ten a consideración de contrato privado tendo por obxecto servizos comprendidos na categoría 6 do Anexo II. Os referidos contratos rexeráanse en canto a súa preparación e adxudicación, en defecto de normas específicas polo TRLCSP e as súas normas de desenvolvemento, aplicándose supletoriamente as restantes normas de dereito administrativo ou no seu caso de dereito privado. No referente aos seus efectos e extinción réxense polas normas de dereito privado, sendo non obstante de aplicación a estes contratos as normas contidas no Título V do Libro I TRLCSP, sobre a modificación dos contratos.

Segundo- A Lei 50/1980, 8 outubro do Contrato de Seguro, establece respecto á duración do contrato no seu artigo 22 que esta deberá ser determinada na póliza, a cal non poderá fixar un prazo superior aos dez anos. Non obstante, poderá establecerse que se prorrogue unha ou mais veces por un período non superior a un ano cada vez. De conformidade co apartado 2 do devandito artigo, as partes poderán opoñerse á prórroga do contrato mediante notificación escrita á outra parte, efectuada cun prazo de, ao menos un mes de anticipación á conclusión do período do seguro en curso cando quen se opoña sexa o tomador e dous meses cando sexa o asegurador.

Terceiro.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local establece expresamente na Cláusula 7 que o contrato poderá ser obxecto de dúas prórrogas por un período dun ano de duración cada unha, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista.

Cuarto.- Considérase conveniente polo técnico que subscribe propor a prórroga do contrato de seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo por un período dun ano en base ao correcto funcionamento do contrato de servizos, e ao cumprimento adecuado das obrigas establecidas á adxudicataria.

Quinto.-A entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS, manifestou a súa conformidade coa prórroga.

Sexto.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª. apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

Sétimo.- O período da segunda prórroga do contrato comprenderá dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro de 2.021 ao 31 de decembro de 2.021, sendo que o prezo anual correspondente ao contrato ascende a cento sesenta e tres mil catrocentos oitenta e oito euros (163.488 euros) (exento de IVE).

Oitavo.- O importe da prórroga imputarase á aplicación orzamentaria 9202. 2240000 “ Seguro de vehículos” segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.021.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.021 (desde as 00.00 horas) e 31 de decembro de 2.021: 163.488 euros.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo”(expte. 12550-445), formalizado coa entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS polo período comprendido dende as 00.00 horas do 1 de xaneiro de 2.021 ao 31 de decembro de 2.021.

Segundo- Autorizar o gasto estimado do contrato de cobertura do seguro de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello de Vigo”(expte. 12550-445) a favor da entidade SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF. A48001648) por importe de cento sesenta e tres mil catrocentos oitenta e oito euros (163.488 euros) (exento de IVE); imputando o devandito gasto á aplicación orzamentaria 9202. 2240000 “ Seguro de vehículos”, segundo a seguinte distribución anual:

- Ano 2.021.- período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2.021 (00.00 horas) e 31 de decembro de 2.021: 163.488 euros.

Terceiro.- Notificar á empresa adxudicataria SEGUROS BILBAO COMPAÑÍA ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS (NIF. A48001648).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(892).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE MANTEMENTO E REPARACIÓN DO EQUIPAMENTO INFORMÁTICO, MULTIMEDIA E REDES DE DATOS DOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO E DO MANTEMENTO DO EQUIPAMENTO MULTIMEDIA DO AUDITORIO DE TEIS E SERVIZO TÉCNICO DE EVENTOS. EXPTE. 9741/320.

Visto o informe xurídico do 20/10/2020 e o informe de fiscalización do 23/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 22/10/2020, asinado pola técnica de Xestión, a xefa do



Concello de Vigo

Servizo de Participación Cidadá (Resolución 23/10/2020), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de decembro de 2018, adoptou o seguinte acordo (expte. núm. 8057-320):

“Adxudicar a APLICACIONES DE INFORMÁTICA AEVIGO S.L. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto dos servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (8.057-320):

1. Lote 1 “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, por un prezo total de 40.075,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.027,00 euros e cun tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.
2. Lote 2 “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos”, por un prezo total de 34.727,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.955,20 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:

- Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
- Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)

b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”

II. Segundo o disposto no apartado 4 das FEC (Folla de Características do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas do Contrato (PCAC), o prazo de duración do contrato é de 2 anos, prevéndose dúas prórrogas dun ano de duración cada una delas.

III. O contrato foi formalizado con datas 29/01/2019 (Lote I), e o 11/01/2019 (Lote II) iniciándose a súa execución, respectivamente o 30/01/2019 e o 14/01/2019, polo que, o seu prazo finalizará o vindeiro 29/01/2021 (Lote I) e 13/01/2019 (Lote II)

IV. Con data 28/09/2020 o concelleiro de Participación Cidadá e Festas autorizou o inicio da tramitación do expediente de prórroga do contrato maior de servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos

V. A través da notificación co número de saída 64244 se comunicou ao adxudicatario o pre-aviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 29/09/2020 e nº de saída 64244, recibida na mesma data, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en diante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución con datas 30/01/2019 (Lote I) e o 14/01/2019 (Lote II), o seu prazo finalizará o vindeiro 29/01/2021 (Lote I) e 13/01/2019 (Lote II).

Así mesmo, o apartado 7.3 do PAC establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C FEC, no que se establecen dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Asemade, dispón que a prórroga será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

II. Na actualidade os servizos de mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (expte. núm. 8057-320), se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables manténdose as melloras ofertadas no contrato consistentes en:

1. Lote 1 "Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis", por un prezo total de 40.075,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.027,00 euros e cun tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.

2. Lote 2 "Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos", por un prezo total de 34.727,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.955,20 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:

- Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
- Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)



Concello de Vigo

- b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

IV. A prórroga do contrato, para o Lote I “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, terá un importe de 20.037,60 euros, dos que 18.475,53 € corresponden ao orzamento do 2021 (dende o 30/01/2021 ao 31/12/2021) e 1.562,07 € corresponden ao orzamento do ano 2022 (01/01/2022 ao 29/01/2022), e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO.

O importe da prórroga do contrato, para o Lote II “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos” será de 17.363,50 €, dos que, 16.756,71 € corresponden ao orzamento do ano 2021 (dende o 14/01/2021 ao 31/12/2021) e 606,79 € corresponden ao orzamento do ano 2022 (01/01/2022 ao 13/01/2022), e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS.

V. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos para o mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (expte. núm. 8057-320).

VI. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decretos de delegación de Alcaldía de 17 de agosto de 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019 e posterior de 18 de agosto de 2020) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, e previo informe de Intervención, remítese á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA de

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato para a prestación dos servizos mantemento e reparación do equipamento informático, multimedia e redes de datos dos centros municipais de distrito (Lote I) e do mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos (Lote II), adxudicado a Aplicaciones Informáticas Aevigo S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 12/12/2018, para o

período comprendido entre 30/01/2021 - 29/01/2022 (LOTE I) e entre o 14/01/2021 – 13/01/2022 (LOTE II).

A prórroga do contrato, para o Lote I “Mantemento e reparación de equipos informáticos e redes de datos nos CMDs de Bouzas, Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, terá un importe de 20.037,60 euros, dos que 18.475,53 € corresponden ao orzamento do 2021 e 1.562,07 € corresponden ao orzamento do ano 2022, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2120000 REPARACIÓN MANTEMENTO EDIF. E EQUIPAMENTO, manténdose, no período de prórroga, a condición ofertada no contrato consistente no tempo máximo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico nos centros de 1 hora.

A prórroga do contrato, para o Lote II “Mantemento do equipamento multimedia do auditorio de Teis e servizo técnico de eventos” será de 17.363,50 €, dos que, 16.756,71 € corresponden ao orzamento do ano 2021 e 606,79 € corresponden ao orzamento do ano 2022, e se imputará á aplicación orzamentaria 9240 2279906 SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertada no contrato consistentes en:

a) Propón como prezo hora de asistencia a usuarios/as do auditorio que precisen persoal técnico para o uso do equipamento en calquera horario:

- Prezo 1ª hora incluído o desprazamento: 45 euros (IVE incluído)
- Prezo de cada hora a partir da 1ª: 12 euros (IVE incluído)

b) Propón un tempo de resposta ante as incidencias que precisen a presenza de persoal técnico no auditorio (inferior a 24 horas): máximo 1 hora

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditalar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

9(893).-RECTIFICACIÓN ERROS NO EXPTE. 36288/220 - PRÓRROGA DO PROGRAMA XESTIÓN DE AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL AO PROXECTO PRESENTADO POLO CONCELLO DE VIGO "VIGO VERTICAL". EXPTE: 36550/220

Visto o informe de fiscalización do 21/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e a concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

I.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08 de outubro de 2020, acordou: *"I.- Prorrogar, en base aos informes que constan no expediente, por 12 meses (ata o 31/10/2021), o Programa "Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical".*

II.- *Prorrogar, en base aos informes emitidos no expediente, os nomeamentos dos catro funcionarios/as interinos/as nomeados para a execución do programa de carácter temporal referido no punto anterior (exp 30798/220):*

- *os Enxeñeiros/as de camiños, canais e portos D. X. Paz Salgado, con DNI **.***.323-C e Dna. F. Martínez Giráldez, con DNI **.***.166-B,*
- *as Técnicas de xestión.- Dna M. Freire Quintás con DNI **.***.053-R, e Dona M. D. Gallego Sotelo, con DNI **.***.281-E .*

En consecuencia, autorizar o gasto total de 220.792,54 €, das que 174.700,80 € corresponden a retribucións e, 46.091,74 € a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 28.639,46 €, corresponden ao ano 2020, e 146.061,34 € ao ano 2021; e no que respecta ao custe de seguridade social, 7.494,60 € corresponden ao ano 2020, 38.597,14 ao ano 2021, de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento do exercicio económico 2020 (dous meses) e dos dez primeiros meses do ano 2021 no que respecta a custes retributivos e, a partida 920.0.1600099 no que respecta a custes da seguridade social.

III.- *Dispoñer que a referida prórroga dos nomeamentos, fanse de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración da prórroga do programa (31/10/2021) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria dos postos seguintes: enxeñeiro/a de camiños, posto cod. 46, e técnico/a de xestión, posto cód. 179 . Todo elo, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

IV.- Establecer que a xornada laboral dos citados funcionarios interinos desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

V.- Notificar o presente acordo aos aspirantes nomeados, ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario, Responsable Técnico EDUSI/Vigo Vertical, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación a Inspección de persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.”

II.- En data de sinatura electrónica, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario coa conformidade do 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro delegado da Área de Fomento, informa do erro por omisión do informe da Área de Fomento de data 24.08.2020, e solicita que, unha vez ampliado por un período de 12 meses o programa referido, se prorrogue, ao igual que co resto do persoal, o nomeamento da Enxeñeira Industrial C. Tapias Bouso;

III.- En data de sinatura electrónica a Tenente de Alcalde e Concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización municipal, ordenou: “Incoar expediente administrativo da Área de Recursos Humanos e Formación para o sometemento e aprobación na Xunta de Goberno Local, da prórroga do nomeamento interino solicitado no escrito referido”

IV.- Consta informe técnico de cuantificación económica de gasto (trámite 17 do expediente), no que consta:

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2020	ANUAL-2021	Período (01/11/2020 a 31/10/2021) – DOCE MESES
Retribucións totais ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	45.813,08€	46.271,21€	46.194,85 €
Seguridade Social	12.040,32€	12.160,72 €	12.140,65 €
TOTAIS ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	57.853,40€	58.431,93 €	58.335,50 €

(1) Da referida cantidade 7.635,51€, corresponde a presente exercicio e, 38.559,34€ ao vindeiro exercicio 2021.

(2) Da referida cantidade 2.006,72€, corresponde a presente exercicio e, 10.133,93€ ao vindeiro exercicio 2021.

(3) Da referida cantidade 9.642,23€, corresponde a presente exercicio e, 48.693,27€ ao vindeiro exercicio 2021.

O custo da referida prórroga imputarase a aplicación orzamentaria 920.0.140.0000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.160.0099 no que respecta aos custes da seguridade social.



Concello de Vigo

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

I.- Segundo establece o artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, do oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

II.- Detectado de oficio o erro por omisión, exposto no antecedente II de este informe, segundo o exposto nos informes obrantes no expediente, procede:

Rectificar:

. O punto II b) dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 25/09/2020(expte 36288-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08/10/2020, incluíndo a funcionaria interina Enxeñeira Industrial C. Tapias Bouso, con DNI **1808**.*.

O punto II d) dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 25/09/2020(expte 36288-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08/10/2020, engadindo o custe económico:

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL- 2020	ANUAL- 2021	Periodo (01/11/2020 a 31/10/2021) – DOCE MESES
<i>Retribucións totais ENXEÑEIRO INDUSTRIAL</i>	45.813,08€	46.271,21€	46.194,85 €
<i>Seguridade Social</i>	12.040,32€	12.160,72 €	12.140,65 €
TOTAIS ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	57.853,40€	58.431,93 €	58.335,50 €

(1) Da referida cantidade 7.635,51€, corresponde a presente exercicio e, 38.559,34€ ao vindeiro exercicio 2021.

(2) Da referida cantidade 2.006,72€, corresponde a presente exercicio e, 10.133,93€ ao vindeiro exercicio 2021.

(3) Da referida cantidade 9.642,23€, corresponde a presente exercicio e, 48.693,27€ ao vindeiro exercicio 2021.

. O punto II da proposta de acordo e acordo de Xunta de Goberno local referido, incluíndo a funcionaria interina Enxeñeira Industrial C. Tapias Bouso, con DNI **1808**.*; e engadindo a cantidade de 58.335,50 €, das que 46.194,85 €, corresponden a retribucións, 12.140,65 €, corresponden a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 7.635,51€, corresponde a presente exercicio e, 38.559,34€ ao vindeiro exercicio 2021.; e no que respecta ao custe de seguridade social, Da referida cantidade 2.006,72€, corresponde a presente

exercicio e, 10.133,93€ ao vindeiro exercicio 2021., de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

En consecuencia, e o abeiro das competencias que ostenta a Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización municipal, por delegacións competenciais por Decreto de Alcaldía e Acordo XGL de datas 18/06/2019 e 20/06/2019, pola presente elévase a Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Rectificar, ao abeiro do artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os erros detectados, de oficio e de conformidade co informes emitidos no expediente:

O punto II b) dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 25/09/2020(expte 36288-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08/10/2020, incluíndo a funcionaria interina Enxeñeira Industrial C. Tapias Bouso, con DNI **1808**.*.

O punto II d) dos fundamentos xurídicos da proposta de acordo da Área de RRHH e Formación de data 25/09/2020(expte 36288-220), e consecuentemente o acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 08/10/2020, engadindo o custe económico:

CUSTE TOTAL PROPOSTA	ANUAL-2020	ANUAL-2021	Periodo (01/11/2020 a 31/10/2021) – DOCE MESES
<i>Retribucións totais ENXEÑEIRO INDUSTRIAL</i>	45.813,08€	46.271,21€	46.194,85 €
<i>Seguridade Social</i>	12.040,32€	12.160,72 €	12.140,65 €
TOTAIS ENXEÑEIRO INDUSTRIAL	57.853,40€	58.431,93 €	58.335,50 €

(1) Da referida cantidade 7.635,51€, corresponde a presente exercicio e, 38.559,34€ ao vindeiro exercicio 2021.

(2) Da referida cantidade 2.006,72€, corresponde a presente exercicio e, 10.133,93€ ao vindeiro exercicio 2021.

(3) Da referida cantidade 9.642,23€, corresponde a presente exercicio e, 48.693,27€ ao vindeiro exercicio 2021.

. O punto II da proposta de acordo e acordo de Xunta de Goberno local referido, incluíndo a funcionaria interina Enxeñeira Industrial C. Tapias Bouso, con DNI **1808** *; e engadindo a cantidade de 58.335,50 €, das que 46.194,85 €, corresponden a retribucións, 12.140,65 €, corresponden a custes de seguridade social. En canto a retribucións, 7.635,51€, corresponde a presente exercicio e, 38.559,34€ ao vindeiro exercicio 2021.; e no que respecta ao custe de seguridade social, Da referida cantidade 2.006,72€, corresponde a presente



Concello de Vigo

exercicio e, 10.133,93€ ao vindeiro exercicio 2021., de conformidade co establecido no informe técnico que consta no informe económico anexado ao expediente.

Mantendo os restantes extremos do acordo indicado”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(894).- NOMEAMENTO INTERINO DE CATRO AUXILIARES DE ADMÓN. XERAL PARA O SERVIZO DE ESTATÍSTICA. EXPTE:36455/220

Visto o informe de fiscalización do 26/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 20/10/2020, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa de Área de Recursos Humanos e Formación e pola concelleira-delegada de Organización Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

I.- Con data de sinatura electrónica, a Xefa do Servizo de Estatística, coa conformidade da Segunda Tenente de Alcalde e Concelleira delegada de empresa economía, seguridade e organización municipal, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral por un período de seis meses, para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas, incrementadas entre outras circunstancias pola Covid-19 e a recente posta en funcionamento do novo sistema de cita previa, incrementouse de xeito exponencial o número de chamadas telefónicas e a recepción de correos electrónicos no servizo .

II.- En resposta a esta petición, a tenente de alcalde e concelleira-delegada da Área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, mediante instrución de servizo de data 07/10/2020, solicitou á área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta á Xunta de Goberno Local, de nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro auxiliares de administración xeral, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período de seis meses.

III.- Con data de sinatura electrónica, emítese informe técnico que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas."*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

"El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas."

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

*(...) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: **1º**) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública." A citada sentenza foi declarada firme por Providencia do Tribunal Supremo 08/03/2018 (R. Casación 3105/2017).*

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmou que:



Concello de Vigo

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se de algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód.138 auxiliares de administración xeral), da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos

servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

Ademais do anterior é necesaria a comprobación no informe de fiscalización do cumprimento das previsións contidas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

É preciso lembrar o informado no expediente 33833-220 (capítulo I dos orzamentos municipais para 2020) en relación a necesidade de conter o recurso a nomeamentos interinos e limitar ditos nomeamentos a supostos excepcionais, destacando a estos efectos “Respecto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, deberá limitarse aos mínimos imprescindibles para dar cobertura aos servizos por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos do persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas e que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables. Para a contratación de persoal deberá terse en conta as necesidades globais de todos os servizos municipais, priorizando as mesmas segundo as instrucións recibidas.”

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data de sinatura electrónica da Xefa Do Servizo de Estatística, así coma na instrución da tenente de alcalde e concelleira delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal de data de sinatura electrónica, no que se ordena o inicio do expediente; O presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.



Concello de Vigo

IV.- Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico emitido polo técnico de Organización e Planificación de RR.HH. que consta no expediente e ao cal nos remitimos na súa integridade para evitar reiteracións innecesarias, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses de cuatro auxiliares de administración xeral para o Servizo de Estatística, supón un gasto de **50.453,56 € (1)**, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **15.337,52 € (2)** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: **65.791,08 € (3)**.

(1) Da referida cantidade 18.499,64€, corresponde a presente exercicio e, 31.953,92€ ao vindeiro exercicio 2021.

(2) Da referida cantidade 5.623,76€, corresponde a presente exercicio e, 9.713,76€ ao vindeiro exercicio 2021.

(3) Da referida cantidade 24.123,40€, corresponde a presente exercicio e, 41.667,68€ ao vindeiro exercicio 2021.

Igualmente se fai constar que : *“O custo dos referidos nomeamentos imputaranse a aplicación orzamentaria 92001400000 do orzamento dos exercicios 2020 e 2021, no que respecta a retribucións e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.”*

V. -Verificación das listas de reserva.

Segundo consta no Informe de verificación obrante no expediente:

*“Que verificadas as listaxe indicadas, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento como Auxiliares Admón. Xeral a, P Millos Bernárdez con dni ***8550**, a M González Tedin con dni ***2316**, a J M Soto Hermida con dni ***0646**, e a Tamar Entenza García con dni ***1030**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica.”*

Os/as mesmos/as aceptaron expresamente, mediante escritos que constan anexados ao expediente, optar aos referidos nomeamentos interinos por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 d) do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da Xefa da área de Recursos Humanos e

Formación e da tenente de alcalde e concelleira-delegada da área de Empresa, Economía, Seguridade e Organización Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por decretos da Alcaldía de 18/06/2019 e 26/06/2019, e acordos da XGL de 20/06/2019 e 04/07/2019, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de cuatro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificadas nas necesidades do Servizo de Estatística, contidas no escrito de data de sinatura electrónica.

En consecuencia, autorizar o gasto por importe de 50.453,56 € (18.499,64€, corresponde a presente exercicio e, 31.953,92€ ao vindeiro exercicio 2021), e ao que haberá que engadirse a cantidade de 15.337,52 € (5.623,76€, corresponde a presente exercicio e, 9.713,76€ ao vindeiro exercicio 2021) en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa. Custe total: 65.791,08 € (24.123,40€, corresponde a presente exercicio e, 41.667,68€ ao vindeiro exercicio 2021).

Elo con cargo á aplicación orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte as retribucións dos referidos nomeamentos e a aplicación orzamentaria 920.0.1600099 no que respecta aos custes da seguridade social.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como auxiliares de administración xeral a **P Millos Bernárdez con dni ***8550****, a **M González Tedin con dni ***2316****, a **J M Soto Hermida con dni ***0646****, e a **Tamar Entenza García con dni ***1030****, na súa condición de seguintes aspirantes nas listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto (posto cód. 138 auxiliares de administración xeral), sendo adscritos/as ao Servizo de Estatística, sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poidan desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral dos/das funcionarios/as interinos/as nomeados/as desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante



Concello de Vigo

acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ós/ás aspirantes nomeados/as, á Xefa de Estatística, Xefa da Área de Réxime Interior, á Intervención Xeral, ao persoal técnico da área de Recursos Humanos e Formación, Inspección de Persoal e ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(895).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN CULTURAL VÉRTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO VIII FESTIVAL VÉRTIXE SONORA. EXPTE. 3475/330.

Visto o informe xurídico do 15/10/2020 e dilixencia do 27/10/2020, e informe de fiscalización do 23/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 07/10/2020, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 9 de setembro do 2020, a "Asociación Cultural Vértixe" presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do VIII Festival Vértixe Sonora; por este motivo, o día 11 de setembro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 7.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.

PROGRAMACIÓN:

**Mércores 4 de novembro 20.30 h. | Auditorio do Concello
E -@RTS H IP- H OP**

**Domingo 8 de novembro 18.30 | Auditorio Martin Codax
ASÍ PASEN 25 ANOS o 8 de novembro no Auditorio Martín Códax de Pedro Amaral**

VERTIXE SONORA

Pedro Amaral director

Clara Saleiro flauta | Daniel Veiga clarinete | Jorge Fuentes trompa | Mario Peris violín |
Cristina Santos viola | Ailsa Lewin violonchelo | Haruna Takebe sintetizador | David Durán
piano | Diego Ventoso vibráfono | Ángel Faraldo electrónica

ACTIVIDADES PARALELAS

En colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Tui, Academia de Música Fortaleza de Valença e Asomúsica.

DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA Conferencias

Venres 16 de outubro | Conservatorio Superior de Música, Vigo

Horario 10:00-14:00

Por mor da Covid esta actividade desenvolverase en streaming.

ASÍ PASEN 25 ANOS Táboa redonda

Venres 6 de novembro, 19h | Conservatorio Superior de Música, Vigo

Sábado 7 de novembro, 19h | Conservatorio Superior de Música, Vigo

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.001,78 € (vinteún mil un euros con setenta e oito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (33,33%)
- INAEM :14.001,78 € (66,67%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo



Concello de Vigo

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil e recibo de pagamento

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación Cultural Vértixe, para a organización do VIII Festival Vértixe Sonora, obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación Cultural Vértixe deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade da actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrência para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación Cultural Vértixe" ten como obxecto financiar a organización do "VIII Festival Vértixe Sonora", figurando na aplicación **3340.480.00.00** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 7.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á “Asociación Cultural Vértixe” é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

“PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 7.000 € (sete mil euros) á “Asociación Cultural Vértixe”, CIF. G-27751296, para o financiamento do “VIII Festival Vértixe Sonora”, organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.00 “As. Cultural Vértixe Sonora.Festival Internacional Contemporáneo”, que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Vértixe que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do VIII Festival Vértixe Sonora.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL VÉRTIXE, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO VIII FESTIVAL VÉRTIXE SONORA

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura, Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 ; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Ramón Souto Caride, na súa condición de presidente da Asociación Cultural Vértixe (CIF G27751296) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo na rúa Canceleiro, 16, 2º B, CP 36201 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.



Concello de Vigo

E actuando Dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo (resolución de delegación do 27.02.2020), dando fe do acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** é unha entidade inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Xunta de Galicia e entre os seus fins está a difusión das músicas actuais e o estímulo e interpretación de novas creacións de compositores de Galicia, norte de Portugal e do resto da península e iberoamérica. A asociación ven desenvolvendo unha labor de continuidade no campo da promoción da música contemporánea e en concreto organiza o programa **Festival Internacional de creación musical contemporánea**, un programa de concertos e actividades que ofrece unha panorámica ampla e desprexuízada da creación sonora internacional.*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na organización do VIII Festival Vértixe Sonora promovido pola **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, como medio que é de fomentar a música contemporánea na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.00, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE**, a cantidade de 7.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN CULTURAL VERTIXE** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade ás precedentes consideracións e dado o interese común das partes asinantes nas que as dúas teñen intereses coincidentes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ASOCIACIÓN para desenvolver o VIII Festival Vértixe Sonora durante o exercicio 2020, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentado pola ASOCIACIÓN, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 21.001,78 € (vinteún mil un euros con setenta e oito céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 7.000 € (33,33%)
- INAEM :14.001,78 € (66,67%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

CONCERTOS

Mércores 4 de novembro 20.30 h. | Auditorio do Concello
E-@RTS HIP-HOP

E-@RTS HIP-HOP para dous bailarinos, violín, saxofón, electrónica, vídeo e iluminación. Unha proposta de Miguel Ángel Berbís e Pere Vicalet para Ensemble D'arts con Miriam Valero e Drián Hernández que combina creación contemporánea e danza urbana.

A produción máis recente de Ensemble d'Arts combina a nova creación musical contemporánea multimedia coa danza urbana. O resultado é un espectáculo onde a música, os movementos corporais, o vídeo e a iluminación intégranse para formar unha experiencia única.

ENSEMBLE D'ARTS Xelo Giner, saxofón | Jenny Guerra violín | Miriam Valero, Drián Hernández/ bailarines | Pere Vicalet, Miguel Ángel Berbís electrónica e iluminación

Domingo 8 de novembro 18.30 | Auditorio Martín Codax
ASÍ PASEN 25 ANOS o 8 de novembro no Auditorio Martín Códax de Pedro Amaral
Adhuc* (1992/93) clarinete, trompa, vibráfono, sintetizador, violín, violonchelo.

Cadencias e Interludios / Percurso I (1992) piano solo y electrónica en tiempo real

Itinerario de Luz (1994/95) flauta, clarinete, trompa, violín, viola, violonchelo y electrónica en tiempo real

VERTIXE SONORA

Pedro Amaral director

Clara Saleiro flauta | Daniel Veiga clarinete | Jorge Fuentes trompa | Mario Peris violín | Cristina Santos viola | Ailsa Lewin violonchelo | Haruna Takebe sintetizador | David Durán piano | Diego Ventoso vibráfono | Ángel Faraldo electrónica

ACTIVIDADES PARALELAS

En colaboración co Conservatorio Superior de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Vigo, Conservatorio Profesional de Música de Tui, Academia de Música Fortaleza de Valença e Asomúsica.

DA ARTE SONORA E DA MÚSICA CONTEMPORÁNEA Conferencias
Venres 16 de outubro | Conservatorio Superior de Música, Vigo



Concello de Vigo

Horario 10:00-14:00

Por mor da Covid esta actividade desenvolverase en streaming.

Nesta edición participarán: Lin-Ni Liao (Taiwan, 1977), Juan Pablo Carreño (Colombia, 1978), Maria José Belenguer (Castellón, 1983), Pablo Vergara (Chile, 1980), Severin Dornier (Alemania), Il-Woong Seo (Seúl, Corea do Sur, 1987), Huihui Cheng (Wu-Chang, China, 1985)

ASÍ PASEN 25 ANOS Táboa redonda

Venres 6 de novembro, 19h | Conservatorio Superior de Música, Vigo
Sábado 7 de novembro, 19h | Conservatorio Superior de Música, Vigo

Coa participación de Javier Macías, Paco Yáñez (crítico musical), e diferentes personalidades da cultura viguesa analizarase a figura de Macías e dunha época fascinante de efervescencia cultural en Vigo.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Ramón Souto Caride, presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modifi-

cación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

10.A ENTIDADE será a responsable de velar polo estrito cumprimento da normativa vixente en relación ao covid 19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (7.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes citados de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado,



Concello de Vigo

na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (rolas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro de 2019.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo



Concello de Vigo

que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

- ▯ Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- ▯ Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.



Concello de Vigo

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2019, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

ANEXO

ORZAMENTO FESTIVAL VERTIXE SONORA – SETEMBRO 2020

FESTIVAL VERTIXE SONORA	
INGRESOS	21.001,78
Concello de Vigo	7.000,00
INAEM	14.001,78
FESTIVAL VERTIXE SONORA	
GASTOS	21.001,78
PRODUCCIÓN	8.128,28
Desplazamentos	698,00
Alojamientos	1.584,00
Alquiler de instrumentos	1.391,50
Sonorización: altavoces, microfonía, montaje	1.573,00
Espacios, seguridad	428,50
Documentación	1.331,00
Personal servicios eventos	726,00
Alquiler de partituras	242,00
Sgae	154,28
PROMOCION Y PUBLICIDAD	1.633,50
Comunicación	726,00
Cartelería, contenidos web	907,50
CACHES	11.240,00
Honorarios músicos	11.240,00
Vertixe Sonora	9.240,00
Ensemble D'arts	2.000,00

12(896).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA, RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO " IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE VIGO". EXPTE. 3490/330.

Visto o informe xurídico do 14/10/202 e informe de fiscalización do 20/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 09/10/2020, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal 29 de setembro do 2020, a " Asociación de Música Clásica " presenta escrito de solicitude de subvención para a organización do "IV Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo"; por este motivo, o día 1 de outubro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente e asinar un convenio con esta entidade para regulala, polo importe de 9.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 do orzamento municipal vixente.



Concello de Vigo

ANTECEDENTES.-

A **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxeción internacional; motivo polo que organizan neste ano 2020 o **IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO "CIDADE DE VIGO"**

PROGRAMACIÓN:

PROGRAMA:

O Concurso Internacional de Piano "Ciudad de Vigo", que se este ano terá lugar do 15 ao 19 de outubro do 2020 en formato online (por mor da crise sanitaria).

O concurso inaugurarase cun concerto online o 14 de outubro. As probas retransmitiranse en streaming para todo o mundo, e esta edición (edición Nelson Freire), estará formada polos seguintes xurados: Martha Argerich, Nelson Freire (presidente do xurado), Tamás Vásáry, Pablo Galdo e Sergio Tiempo.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 28.340 € (vinteito mil trescento corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 9.000 € (31,75 %)
- Xunta: 5.000 € (17,64%)
- AIE: 1.500 € (5,29%)
- PATRONICIO dos acordos: 1.500 € (5,29%)
- FONDOS PROPIOS :11.340 € (40,01%)

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Proxecto e orzamento da actividade
- Estatutos da Entidade e capacidade do representante legal
- NIF do presidente
- CIF da entidade
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Certificación da conta bancaria
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Escrito asinado polo representante da entidade certificando que o concurso desenvólvese on line e polo tanto non é necesario o seguro de responsabilidade civil.

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo á Asociación de Música Clásica, para a organización do "IV Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", obxecto do presente convenio, rexirase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos

básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa á Asociación de Música Clásica deberá axustarse ao previsto no art. 22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020, como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza coa oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art. 26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente; polo que se inclúe o correspondente proxecto de convenio na proposta de resolución.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" ten como obxecto financiar a organización do " IV Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", figurando na aplicación **3340.480.00.15** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 9.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo á "Asociación de Música Clásica" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan no texto de proposta de convenio.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, cos informes xurídico e da Intervención Xeral, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa da subvención de 9.000 € (nove mil euros) á "Asociación de Música Clásica", CIF. G-27813286, para o financiamento do "IV Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo", organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.15 "Subvención As. Música Clásica.Concurso de Piano. ", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación de Música Clásica que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do "IV Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo"

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA", RELATIVO Á ACHEGA DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO "IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO CIDADE DE VIGO"

En Vigo, na data da sinatura dixital

REÚNENSE

A Concellería de Cultura (en adiante CONCELLERÍA), e no seu nome e representación, D. Abel Fermín Losada Álvarez, en virtude do seu cargo de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Emprego do Concello de Vigo (CIF P3605700H), para o que foi nomeado polo decreto de delegación de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e 17 de agosto do 2020 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019; con enderezo na Praza do Rei nº 1, CP 36202; no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo no decreto de delegación de competencias de data 26 de xuño de 2019,

Doutra, D. Pablo Galdo Vigo, na súa condición de presidente da "Asociación de Música Clásica " (CIF: G-27813286) (en adiante a ASOCIACIÓN), con enderezo no camiño Amariz Loureiro núm.6, San Miguel de Oia, 36390 da cidade de Vigo, actuando en nome e representación da devandita entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria da Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe deste acto.

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

*I.-Que a **ASOCIACIÓN MÚSICA CLÁSICA** é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivos principais realizar actividades de promoción e difusión da música clásica en Galicia, contando con artistas nacionais e internacionais, e organizando actividades de proxección internacional; motivo polo que organizan neste ano 2020 o **IV FESTIVAL INTERNACIONAL DE PIANO “CIDADE DE VIGO”** .*

*II.- Que o Concello de Vigo, coñecedor das ditas actividades e accións e no exercicio da súa competencia propia de promoción da cultura, que lle recoñece o artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, na vixente redacción, dada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, desexa promover e colaborar economicamente na execución da programación da **“ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA”**, como medio que é de promover a música na cidade.*

*III.- Que con esta finalidade o vixente Orzamento Xeral do Concello de Vigo inclúe na aplicación orzamentaria 3340.480.00.15, como subvención nominativa, a favor da **ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA**, a cantidade de 9.000 euros.*

*IV.- Que a **ASOCIACIÓN DE MÚSICA CLÁSICA** non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ten débedas pendentes co Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente administrativo arriba citado.*

V.- De acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións, polo que as partes acordan asinar o presente convenio de colaboración para regular os termos da súa concesión, que ten como obxecto a organización de devandito programa.

De conformidade coas anteditas consideracións e dado o interese común das partes asinantes, e co fin de acadar unha maior eficacia na execución das actuacións, é polo que asinan o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

A través do presente convenio, establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a CONCELLERÍA e maila ENTIDADE para desenvolver a organización do IV Festival Internacional de Piano Cidade de Vigo, que se detalla na documentación achegada pola entidade no presente expediente de aprobación do convenio.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

A memoria económica que se achega ao presente convenio, presentada pola ASOCIACIÓN, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto do mesmo, polo importe total de 28.340 € (vinteito mil trescento corenta euros), financiándose coas seguintes achegas:



Concello de Vigo

- Concello de Vigo: 9.000 € (31,75 %)
- Xunta: 5.000 € (17,64%)
- AIE: 1.500 € (5,29%)
- PATRONICIO dos acordos: 1.500 € (5,29%)
- FONDOS PROPIOS :11.340 € (40,01%)

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES DO PROGRAMA

PROGRAMA:

O Concurso Internacional de Piano “Ciudad de Vigo”, que se este ano terá lugar do 15 ao 19 de outubro do 2020 en formato online (por mor da crise sanitaria).

O concurso inaugurarase cun concerto online o 14 de outubro. As probas retransmitiranse en streaming para todo o mundo, e esta edición (edición Nelson Freire), estará formada polos seguintes xurados: Martha Argerich, Nelson Freire (presidente do xurado), Tamás Vásáry, Pablo Galdo e Sergio Tiempo.

CUARTA.- OBRIGAS DA ENTIDADE . MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola ENTIDADE, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. Pablo Galdo Vigo , presidente da entidade.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo na forma que se detalla na cláusula sétima, e comunicar as accións de difusión nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.
- 6.Facilitar á CONCELLERÍA a información necesaria para a difusión do programa a través da páxina “vigocultura.org” e demais canles oficiais.
- 7.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á

xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.

A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

8.A concesión da subvención á ENTIDADE implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

9.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en relación ao desenvolvemento do evento. A ENTIDADE entregará á Área de Cultura copia da póliza e do recibo do pagamento correspondente antes da sinatura do presente convenio.

QUINTA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa de actividades contempladas neste convenio.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (9.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

Para o bo desenvolvemento do programa obxecto do convenio establecerase unha comisión mixta, integrada polos representantes de cada unha das institucións convenientes, ou persoa na que deleguen, aos que corresponderá o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

O centro xestor da subvención á ENTIDADE é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen se informará sobre o desenvolvemento do programa, e comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

Calquera que sexa o medio de difusión, a ENTIDADE adoitará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento do programa polo Concello de



Concello de Vigo

Vigo, as súas actividades e funcionamento; incorporando os anagrama-logotipo do Concello de Vigo, ademais das lendas indicadas pola Área de Cultura, en particular, no material gráfico editado, na páxina web, nas presentacións públicas, actividades, soportes e demais recursos de difusión e información xeral que se produzan sobre o evento, de acordo coa CONCELLERÍA.

Si no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa CONCELLERÍA a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión, deberá ser enviado á Área de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias da ENTIDADE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado disporá dos depósitos legais correspondentes.

Así mesmo, a ENTIDADE entregará o material de difusión suficiente, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación dende a CONCELLERÍA.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa CONCELLERÍA.

A ENTIDADE comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Igualmente comprométese ao emprego de imaxes non estereotipadas e que fagan visible a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

A ENTIDADE facilitará á Área de Cultura, coa antelación suficiente, toda a información sobre o programa nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

Lingua de difusión e publicacións:

De acordo co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa CONCELLERÍA para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á ENTIDADE polo importe da subvención outorgada ou resultante, logo da realización das actividades previstas no obxecto deste convenio e entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes, emisión dos informes técnicos, e co conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención que regula o presente convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención tralo remate das actividades e, en todo caso, como límite o 10 de novembro do 2020.

- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.

- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.



Concello de Vigo

- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a ENTIDADE como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á ENTIDADE é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola ENTIDADE para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura.

Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumprimento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓN E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



Concello de Vigo

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- DEREITOS SOBRE A INFORMACIÓN E TITULARIDADE DOS RESULTADOS

Os resultados froito deste convenio, tales como documentais, catálogos, estudos, e demais material obtido da realización das actividades programadas, serán de titularidade e de uso común da CONCELLERÍA e da ENTIDADE. Os resultados quedarán para futuras edicións e ámbalas dúas partes poderán utilizalo nun futuro indistintamente.

A CONCELLERÍA resérvase o dereito de publicar os resultados, parciais ou finais, obtidos durante a execución do convenio que, en todo caso, terán carácter público.

Calquera transformación dos resultados do programa de colaboración conxunta requirirá o consentimento expreso das partes asinantes do convenio.

DÉCIMO QUINTA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES DA ASOCIACIÓN

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a ENTIDADE e os profesionais ao seu servizo que vaian desenvolver as actividades previstas, e o Concello de Vigo, de tal xeito que a este non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro do 2020, e non será prorrogable.

DECIMO SÉTIMA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar ou modificar o presente convenio previa notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

Por parte do Concello de Vigo, a Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e a CONCELLERÍA queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO OITAVA.-EXTINCIÓN DOS CONVENIOS

De conformidade co artigo 51 de la Ley 40/2015 de Réximen Xurídico do Sector Público o convenios se extinguen polos seguintes motivos:

1. Los convenios se extinguen por el cumplimiento de las actuaciones que constituyen su objeto o por incurrir en causa de resolución.
2. Son causas de resolución:

a) El transcurso del plazo de vigencia del convenio sin haberse acordado la prórroga del mismo.

b) El acuerdo unánime de todos los firmantes.

c) El incumplimiento de las obligaciones y compromisos asumidos por parte de alguno de los firmantes.

En este caso, cualquiera de las partes podrá notificar a la parte incumplidora un requerimiento para que cumpla en un determinado plazo con las obligaciones o compromisos que se consideran incumplidos. Este requerimiento será comunicado al responsable del mecanismo de seguimiento, vigilancia y control de la ejecución del convenio y a las demás partes firmantes.

Si trascurrido el plazo indicado en el requerimiento persistiera el incumplimiento, la parte que lo dirigió notificará a las partes firmantes la concurrencia de la causa de resolución y se entenderá resuelto el convenio. La resolución del convenio por esta causa podrá conllevar la indemnización de los perjuicios causados si así se hubiera previsto.

d) Por decisión judicial declaratoria de la nulidad del convenio.

e) Por cualquier otra causa distinta de las anteriores prevista en el convenio o en otras leyes.

DÉCIMO NOVENA.- LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.



Concello de Vigo

En proba de conformidade de canto antecede, asinan por triplicado exemplar o presente documento de convenio no lugar e data arriba indicados.

PIANO "CIDADE DE VIGO"		BASE IMP.	IVA	IRPF	TOTAL
GASTOS CON PERSONAL CONTRATADO					
CACHÉ DE LOS JURADOS		14.000,00 €			14.000,00 €
HOTEL		1.200,00 €	0,00 €	0,00 €	1.200,00 €
VIAJES		2.400,00 €	0,00 €	0,00 €	2.400,00 €
DIETAS		1.000,00 €	0,00 €	0,00 €	1.000,00 €
TOTAL		18.600,00 €	0,00 €	0,00 €	18.600,00 €
PREMIOS Y OTROS GASTOS					
		BASE IMP.	IVA	IRPF	TOTAL
1º PREMIO "AJE"		2.000,00 €			2.000,00 €
2º PREMIO "DOS ACORDES"		2.000,00 €			2.000,00 €
3º PREMIO "JUAN MONTES"		1.000,00 €			1.000,00 €
PREMIO "ROSA SABATER"		250,00 €			250,00 €
PREMIO "PEPITO ARRIOLA"		250,00 €			250,00 €
PREMIO "CRISOSTOMO ARRIAGA"		250,00 €			250,00 €
PREMIO "BACH"		250,00 €			250,00 €
PREMIO "ANDRES GAOS"		250,00 €			250,00 €
PREMIO "ROSALIA DE CASTRO"		250,00 €			250,00 €
PRODUCCIÓN		1.300,00 €			1.300,00 €
DISEÑO GRÁFICO Y MAQUETACIÓN		900,00 €			900,00 €
PUBLICIDAD		950,00 €			950,00 €
COMISIONES Y GASTOS		90,00 €			90,00 €
TOTAL		9.740,00 €	0,00 €	0,00 €	9.740,00 €
TOTAL DE GASTOS		28.340,00 €	0,00 €	0,00 €	28.340,00 €
INGRESOS					
MEDIOS	FUENTE	VALOR			
SUBVENCIÓN	CONCELLO	9.000,00 €			
SUBVENCIÓN	XUNTA	5.000,00 €			
SUBVENCIÓN	AJE	1.500,00 €			
PATROCINIO	DOS ACORDES	1.500,00 €			
FONDOS PROPIOS	AMCG	11.340,00 €			
		28.340,00 €			

13(897).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á "ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN" PARA O DESENVOLVEMENTO DA "IX EDICIÓN DO FESTIVAL PRIMAVERA DO CINE EN VIGO 2020". EXPTE. 3492/330.

Visto o informe xurídico do 19/10/2020 e informe de fiscalización do 26/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2020, asinado polo xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, polo concelleiro-delegado de Area e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data de entrada na sede electrónica municipal o 30 de setembro do 2020, "A Asociación Cultural Reencanto Producións" presenta escrito de solicitude de subvención para o desenvolvemento da "IX Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2020"; por este motivo, con data 6 de outubro do 2020, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente, por importe de 5.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

A "**ASOCIACIÓN CULTURAL REENCANTO PRODUCCIÓN**" é unha entidade sen ánimo de lucro composta por cineastas e persoas interesadas no desenvolvemento e potenciación da cultura, especialmente pola creación e produción audiovisual, motivo polo que organiza dende o ano 2012 o *Festival Primavera do Cine en Vigo*.

Reencanto Producións é unha plataforma cultural que nace en tempos de crise coa intención de crear contidos culturais para o cambio e a transformación social, é unha proposta en positivo, é unha organización aberta, participativa e flexible que cre na innovación e que-re potenciar as novas proposta.

PROGRAMA E ORZAMENTO:

O Festival Primavera de Vigo 2020 desenvolveuse entre os días 15 ao 20 de setembro de 2020 en distintos espazos da cidade segundo as actividades:

1. Sala 1. Auditorio Do Concello Proxección da sección oficial de longametraxes e curtametraxes.
2. Sala 2. Museo MARCO Proxección da sección oficial de curtametraxes
3. Sala 3. Salón Rosalía de Castro do Hotel Bahía De Vigo Celebración da actividade Café con CREA

DÍA 15. Martes

Sala 1:

18:00h. Proxeccións sección oficial

20:00 h. Proxeccións sección oficial

22:30 h. Proxeccións sección oficial

Sala 2:

18 h. Proxeccións sección oficial

19:30 h. Proxeccións sección oficial

DÍA 16. Mércores

Sala 1:

18:00h. Proxección Especial. Cinema e compromiso. Primeira sesión.

20:00 h. Proxeccións sección oficial

22:00 h. Proxeccións sección oficial

DÍA 17. Xoves.

Sala 1:

18:00h. Proxección Especial. Cinema e compromiso. Segunda sesión.



Concello de Vigo

20:00 h. Proxeccións sección oficial
22:00 h. Proxeccións sección oficial
Sala 2:
18 h. Proxeccións sección oficial
19:30 h. Proxeccións sección oficial

DÍA 18. Venres.

Sala 1:
18:00h. Proxeccións sección oficial
20:00 h. Proxeccións sección oficial
22:00 h. Proxeccións sección oficial
Sala 3:
19:30 h. Actividade Café con CREA

DÍA 19. Sábado.

Sala 1:
12:00h. Actividade Proxecto Remolque
18:00h. Proxeccións sección oficial
20:00 h. Proxeccións sección oficial
22:00 h. Noite dos Videoclips

Sala 2:12:00h. Proxeccións sección oficial
18 h. Proxeccións sección oficial
19:30 h. Proxeccións sección oficial

DÍA 20. Domingo.

Sala 1:
19:00h. Gala de Clausura

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o orzamento xeral de gastos do programa obxecto da subvención directa polo importe total de 29.020 € (vintenove mil vinte euros), dos que o Concello de Vigo achega 5.000 €, o que supón o 17,22 %, e que inclúe todos os gastos que se xeneraron como consecuencia da programación.

DOCUMENTACIÓN.-

Por parte da asociación, presentouse a documentación relativa ao expediente de subvención, que está integrada pola seguinte:

- Memoria e orzamento da actividade
- CIF da empresa
- Escrituras da empresa
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Xunta de Galicia
- Certificado de estar ao corrente de pagos co Concello de Vigo
- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social
- Declaración de non estar incurso en prohibición para obter subvencións.
- Declaración doutras axudas.
- Seguro de responsabilidade civil e recibo do pagamento correspondente
- Certificado de conta bancaria

LEXISLACIÓN APLICABLE.-

A concesión da subvención que outorgue o Concello de Vigo a "Asociación Cultural Reencanto Producións" para o desenvolvemento da "IX Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2020", rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D. Leg 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

A concesión da subvención directa a "Asociación Cultural Reencanto Producións" deberá axustarse ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 xeral de subvencións, tanto por estar prevista nominativamente no orzamento do Concello de Vigo do 2020 como polo interese público, social e cultural que supón a actividade para a cidade de Vigo; acreditado na concordancia do programa singular a executar, os fins estatutarios da entidade, a súa complementariedade coa actividade cultural organizada polo Concello e marcada diferenza ca oferta doutras entidades, polo cal non procede promover a concorrencia para o seu outorgamento.

ÓRGANO DE RESOLUCIÓN E ÁMBITO DE COMPETENCIAS .-

O órgano de goberno para a concesión desta subvención directa é a Xunta de Goberno Local.

O obxecto do expediente corresponde a materias de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2. m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2. n) (actividades culturais) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

FINANCIAMENTO DA SUBVENCIÓN.-

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación Cultural Reencanto Producións" ten como obxecto financiar o desenvolvemento da "IX Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2020", figurando na aplicación **3340.480.00.18** do orzamento municipal vixente a concesión dunha subvención nominativa por importe de 5.000 €, a favor da devandita entidade.

A subvención do Concello de Vigo a "Asociación Cultural Reencanto Producións" é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos ou privados.

CONDICIÓNS DE CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

A resolución de concesión da subvención deberá establecer as condicións e compromisos aplicables (segundo se establece tanto na Lei Xeral de Subvencións como na Lei de subvencións de Galicia), que se detallan na proposta.



Concello de Vigo

Coa conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e mailo concelleiro-delegado da Área de Orzamentos e Facenda, tralos informes xurídico e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

"PRIMEIRO.- Aprobar a concesión directa dunha subvención por importe de 5.000 € (cinco mil euros) a "Asociación Cultural Reencanto Producións" CIF. G27780766, para o financiamento da "IX Edición do Festival Primavera do Cine en Vigo 2020" organizado por esta entidade; e autorizar e dispoñer o devandito gasto con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.17 "SUBVENCIÓN AS.CULT.REENCANTO FEST.PRIMAVERA DE CINE", que figura no orzamento municipal vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- As condicións que rexirán a subvención serán as seguintes:

OBRIGAS DA ENTIDADE

- 1.Organizar as actividades a través dun equipo de profesionais dirixidos e/ou supervisados pola EMPRESA, actuando como interlocutor único ante a CONCELLERÍA D. David Esperón Fontán, presidente da Asociación.
- 2.Responsabilizarse da organización integral do programa, difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, e solicitar, de ser o caso, os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, solicitude de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.
- 3.Cumprir o programa obxecto da subvención, asumindo o aboamento dos gastos relativos á organización da actividade, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material de difusión, aluguer e uso de espazos de ser o caso, e demais infraestruturas necesarias para o desenvolvemento efectivo da actividade).
- 4.Cumprir coas obrigas fiscais, así como das disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de saúde e hixiene no traballo.
- 5.Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigonos elementos de difusión da actividade subvencionada
- 6.Comunicar á CONCELLERÍA as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que modifiquen o financiamento, no momento en que teña constancia da súa dispoñibilidade ou efectividade, e en en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos; co obxecto de determinar a oportunidade da autorización da modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro.
A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).
- 7.A concesión da subvención á EMPRESA implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- 8.Responsabilizarse fronte a calquera dano que se cause a terceiros con ocasión do desenvolvemento do programa, asumindo a contratación dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que atenda calquera accidente ou incidencia que se poida producir en rela-

ción ao desenvolvemento do evento. Neste sentido, A EMPRESA presenta copia da póliza e do recibo do pagamento.

9.A ENTIDADE será a responsable de velar polo estricto cumprimento da normativa vixente en relación ao covid 19, e adoptar todas as medidas de seguridade e hixiene que se deriven da mesma.

OBRIGAS DO CONCELLO. MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento do programa subvencionado.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención (5.000 €), tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA

O centro xestor da subvención á EMPRESA é a Área de Cultura do Concello de Vigo, a través do Xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, a quen comunicará os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

O centro xestor ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O CONCELLO xestionará o pagamento á EMPRESA polo importe da subvención outorgada ou resultante, trala entrega do informe final coa rendición da conta xustificativa; previa aprobación da achega pola Xunta de Goberno Local, emisión dos informes técnicos, e co conformo do concelleiro-delegado da Área de Cultura.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias das facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abrangue a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo final foi de XX.XXX euros.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), A ENTIDADE está obrigada a relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas. Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concede a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a conta xustificativa a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na mesma, que se poden consultar no enlace <https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga>.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por



Concello de Vigo

vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentación xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel.

Documentación a incluír na conta xustificativa:

- Solicitud de pagamento da subvención, tendo como límite o 13 de novembro de 2020.
- Acreditar atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.
- Memoria de execución e avaliación da actividade realizada, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos, que deberá incluír como mínimo:
 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.
 2. Datos sobre os participantes nas actividades, número e perfil dos asistentes.
 3. Memoria de prensa.
 4. Relación de material gráfico e de difusión contendo os logotipos do Concello de Vigo.
 5. Reportaxe fotográfica.
- Memoria económica contendo o balance detallado coa totalidade dos gastos e ingresos da actividade, con indicación dos acredores, conceptos facturados, datas de emisión e importe; acreditados con documentos orixinais pola parte subvencionada.
- Cando as actividades fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia, data de ingreso e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.
- As facturas ordenadas segundo o concepto de gasto a que se atribúen e nas que figure a EMPRESA como entidade destinataria, deberán recoller o seu número e data, CIF, denominación e domicilio social do emisor, conceptos, importes, IVE, etc. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no RD. 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.
- Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, agás que xustifique que está exenta de IVE.
- Nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do prazo de xustificación; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Gastos subvencionables:

Consideraranse gastos subvencionables, os realizados no ano 2020 que respondan directa e indubidablemente á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido para a execución do proxecto, quedando excluídos os custos indirectos imputables á actividade, os custos de funcionamento ordinario da entidade, os de atencións protocolarias e representativas, e os gastos en inversións e adquisicións de material, equipos e bens de natureza inventariable.

En ningún caso o custo de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Non se contempla a posibilidade de subcontratación dos gastos derivados da execución do programa subvencionado.

Importe total de subvencións ou axudas:

A subvención do Concello á EMPRESA é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe das subvencións ou axudas percibidas pola EMPRESA para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada pola Área de Cultura. Os técnicos da Área de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

O CONCELLO publicará a concesión da subvención no portal de transparencia do Concello e comunicarllo á Base de Datos Nacional de Subvencións para os efectos de dar cumpri-



Concello de Vigo

mento ao disposto nos artigos 18 da LXS e 8.1.c) da Lei 19/2013 de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

REINTEGRO

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN

En canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e o procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia, en orde á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei Orgánica 3/2018, do 13 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura do Concello de Vigo.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A concesión da subvención rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo TRLRFL, Lei 7/1985, de 2 de abril RBRL e demais lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da lei de propiedade intelectual.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(898).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DO CENTRO VE- CIÑAL E CULTURAL DE VALADARES". EXPTE. 661/441.

Visto o informe xurídico do 23/10/2020 e informe de fiscalización do 26/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/10/2020, asinado polo xefe do servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES DE FEITO.

1º.- O orzamento municipal vixente recolle dentro do programa 9240 a aplicación orzamentaria 9240.632.00.05 (Investimento de mellora no C. Cult. De Valladares)

2º.- Ao expediente administrativo de contratación achégase o expediente nº 4791443 correspondente ao proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 24 de setembro de 2020 de cuxa execución se trata. En dito proxecto de obras figura, como integrante do mesmo, o prego de prescricións técnicas particulares da execución da obra.

7º.- No expediente contratación consta a documentación que segue:

- A) O proxecto obxecto do expediente aprobado pola XGL en sesión de data 24 de setembro de 2020 que se corresponde co expediente administrativo 4791-443, e que inclúe Prego de Prescricións Técnicas polos Arquitectos Municipais Juan L. Piñeiro Ferradás e David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS CON TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €), e sinatura dixital de datas 27 e 28 de xullo de 2020.
- B) Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato asinado polo Enxeñeiro de Camiños Canais e Portos/Xefe de Vías, Obras e Infraestruturas e polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento de data 28 de setembro de 2020.
- C) Resolución de inicio do expediente de contratación asinada polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 28 de setembro de 2020.
- D) Acta de replanteo do correspondente proxecto asinada polos redactores do proxecto en data 5 de outubro de 2020.
- E) Memoria económica asinada polo Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Área de Fomento e polo Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 30 de setembro de 2020.
- F) Certificados de crédito RC nº 202000058158 e RCFut 202000058160 asinado polo Director Superior Contable.
- G) Memoria xustificativa para a redacción do PCAP redactada polo Servizo Xestor e asinada en data 06.10.2020



Concello de Vigo

- H) Informe do Servizo de Contratación de comprobación da documentación esixida pola normativa de contratación pública, asinado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación de data 07.10.2020.
- I) Prego de Cláusulas Administrativas Particulares asinado pola TAX e a Xefa do Servizo de Contratación en data 07.10.2020

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

Primeiro.- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de gran poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación desta (acordo da Xunta de Goberno Local de 19.06.2015), aos concelleiros de Área.

Segundo.- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que se achega, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o Prego de Cláusulas Administrativas particulares e o de Prescricións Técnicas, reitores do contrato.

Terceiro.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e da LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b da LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.c da LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custes laborais (artigo 116.4.d da LCSP) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 da LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 da LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g da LCSP), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 da LCSP), o seu carácter de contrato de obra suxeito a regulación harmonizada segundo o establecido no artigo 19 e 20 LCSP. Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto. Xustifícase a adecuación urbanística (informe da oficina de supervisión de proxectos de data 12.02.2020) e o cumprimento da normativa sectorial.

Cuarto.- Consta na memoria económica elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril)

Quinto.- É preceptivo previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a incorporación de certificado de existencia de crédito e fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

Sexto.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización que van ditos, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria das obras do proxecto de "**IMPERMEABILIZACIÓN DAS CUBERTAS DO EDIFICIO DO CENTRO VECIÑAL E CULTURAL DE VALADARES**", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo cun orzamento base de licitación máis IVE de **CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €)**, con sinatura dixital de datas 27 e 28/07/2020 (Expte. 4791/443).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexerá o contrato asinado pola Técnica de Administración Xeral e a Xefa do Servizo de Contratación de data 07 de outubro de 2020.

Terceiro.- Autorizar o gasto por importe total do expediente de contratación, que ascende a un importe máximo de **CENTO VINTE MIL CINCOCENTOS OITENTA EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (120.580,37 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 20.927,17 €.

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 9240.632.00.05 (Investimento de mellora no C. Cult. De Valladares), segundo a distribución de anualidades proposta.

2020	69.600,00 €
2021	50.980,37 €
TOTAL	120.580,37 €

Cuarto.- Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 73,25%

Quinto.- Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(899).- PRÓRROGA DO CONTRATO SUBMINISTRO DE VESTIARIO DO PERSOAL MUNICIPAL LOTES 1,2 E 3. EXPTE. 4799/440.

Visto po informe xurídico do 16/10/2020 e informe de fiscalización do 20/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 21/10/2020, asinado polo xefe da Área de Servizos Xerais, o xefe da Área de investimentos, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES:

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 27 de setembro de 2018, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Adxudicar a PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación do subministro de vestiario para o persoal municipal (4.799-440) coas seguintes condicións:

• *Lote 1 “Calzado”:*

- 1. O prezo total deste lote é de 93.809,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 16.280,90 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.*
- 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 1.*

• *Lote 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:*

- 1. O prezo total deste lote é de 255.066,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 44.267,65 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.*
- 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 2.*

• *Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIS”:*

- 1. O prezo total deste lote é de 103.550,00, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.971,49 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.*
- 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 3.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

2.- De acordo co indicado no apartado 4.a) das FEC recollidas no PCAP da licitación, o prazo do contrato é de dous anos, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital, e así mesmo o apartado 4.c) indica a opción de dúas prórrogas de un ano cada unha

3.- Con data 30 de outubro de 2018 o Concello de Vigo formalizou o contrato coa mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polo cal o prazo deste contrato finaliza o vindeiro 30 de outubro do ano 2020.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.

1.- De conformidade coa Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro, os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da lei rexe-ranse pola normativa anterior en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

2.- O artigo 23 do RD lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, por el que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas e a concorrência para a súa adxudicación realizárase tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos o período de prórroga. A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, salvo que o contrato expresamente prevea o contrario, sen que poida producirse o consentimento tácito das partes.

3.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 22 de febreiro de 2018, establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

4.- En relación ao obxecto deste contrato e importante indicar que na actualidade a execución deste contrato se ven desenvolvendo con normalidade e responde as necesidades para a subministración das prendas ou elementos necesarios para os distintos servizos incluídos nos lotes Nº 1 "Calzado", Lote Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral" e Lote nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIs", deste expediente.

Por outro lado a situación creada polo COVID 19 en relación a determinadas actuacións administrativas, non posibilitaron a realización dun proceso de avaliación completa sobre outras necesidades, polo cal considerase necesario dar continuidade a este contrato co obxectivo de garantir a subministración das prendas ou elementos necesarios no vestiario do persoal adscrito os diversos servizos municipais.

En base o exposto e oportuno proceder a propoñer a prórroga do actual contrato de SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo a adxudicación dos lotes Nº 1 "Calzado", Lote Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral" e Lote nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIs", adxudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L. e deste modo continuar cos estudos sobre todas as necesidades deste tipo de prendas ou elementos que conforman o vestiario de persoal, co obxectivo de determinar calquera proposta de cambio ou adecuación das mesmas que conleve a necesidade dunha nova licitación.

6.- Na actualidade o contrato vinculado ao expediente 4799/440, atopase prestando coa normalidade que require o propio obxecto do mesmo, atendendo as necesidades de mais de 20 servizos ou departamentos distintos.

7.- En relación a proposta de prórroga con data 16 de setembro de 2020, se lle notificou a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., a proposta técnica para a tramitación da prórroga, solicitándolle a súa conformidade, e consta no expediente contestación de conformidade coa proposta de prórroga.



Concello de Vigo

III.- PROPOSTA DE PRORROGA.

1.- Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª. apartado 3 do TRLCSP a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

2.- O período da primeira prórroga do contrato comprenderá dende o 31 de outubro de 2020 ao 30 de outubro de 2021.

3.- O importe do contrato para o período de prórroga da prórroga, correspondese cos límites máximo do acordo de adjudicación que se corresponden cos seguintes importes e lotes:

• Lote 1 “Calzado”:

1. O importe máximo anual deste lote é de 46.904,50 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 1.

• Lote 2 “Prendas ou elementos de uniformidade xeral”:

1. O prezo total deste lote é de 127.533,00 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 2.

• Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:

1. O prezo total deste lote é de 51.775,00 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 3.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Os créditos para ditos lotes imputaranse as seguintes aplicacións orzamentarias e coa seguinte distribución de anualidades:

		2021	Total
LOTE Nº 1	Calzado	46.904,50 €	46.904,50 €

Con cargo as seguintes aplicación orzamentarias.

1532	221.04.01	Vestiaro convenio Xunta-Concello	5.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiaro servizos municipais	28.904,50 €
3420	221.04.00	Vestiaro persoal	13.000,00 €
			46.904,50 €

		2021	Total
LOTE Nº 2	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	127.533,00 €	127.533,00 €

Con cargo as seguintes aplicación orzamentarias.

1532	221.04.01	Vestiario convenio Xunta-Concello	5.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiario servizos municipais	95.533,00 €
1710	221.04.00	Vestiario persoal	5.000,00 €
3371	221.04.00	Vestiario	9.000,00 €
3420	221.04.00	Vestiario persoal	13.000,00 €
			127.533,00 €

		2020	Total
LOTE Nº 3	Roupa de traballo coa condición de EPIS	51.775,00 €	51.775,00 €

Con cargo a seguinte aplicación orzamentaria.

3420	221.04.00	Vestiario persoal	51.775,00 €
------	-----------	-------------------	--------------------

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do CONTRATO DO SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo a adxudicación dos lotes Nº 1 "Calzado", Lote Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral" e Lote nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIS", adxudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polo período dun ano, comprendido dende o 31 de outubro de 2020 ata o 30 de outubro de 2021.

Segundo.- Autorizar o gasto do contrato de CONTRATO DO SUMINISTRO DOS DIVERSOS ELEMENTOS QUE CONFORMAN O VESTIARIO PARA O PERSOAL MUNICIPAL DO CONCELLO DE VIGO, no relativo a adxudicación dos lotes Nº 1 "Calzado", Lote Nº 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral" e Lote nº 3 "Roupa de traballo coa condición de EPIS", adxudicados a mercantil PEYCAR PONTEVEDRA, S.L., polos seguintes importes para cada un dos lotes:

- Lote 1 "Calzado":

1. O importe máximo anual deste lote é de 46.904,50 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 1.

- Lote 2 "Prendas ou elementos de uniformidade xeral":



Concello de Vigo

1. O prezo total deste lote é de 127.533,00 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 2.
- Lote 3 “Roupa de traballo coa condición de EPIs”:
1. O prezo total deste lote é de 51.775,00 euros, de acordo cos prezos unitarios indicados na oferta.
 2. Propón unha baixa proporcional única do 5% a aplicar ás prendas non previstas nos cadros de prezos que figuran nos anexos do PPT para o lote 3.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Os créditos para ditos lotes imputaranse as seguintes aplicacións orzamentarias e coa seguinte distribución de anualidades:

		2021	Total
LOTE Nº 1	Calzado	46.904,50 €	46.904,50 €

Con cargo as seguintes aplicación orzamentarias.

1532	221.04.01	Vestiaro convenio Xunta-Concello	5.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiaro servizos municipais	28.904,50 €
3420	221.04.00	Vestiaro persoal	13.000,00 €
			46.904,50 €

		2021	Total
LOTE Nº 2	Prendas ou elementos de uniformidade xeral	127.533,00 €	127.533,00 €

Con cargo as seguintes aplicación orzamentarias.

1532	221.04.01	Vestiaro convenio Xunta-Concello	5.000,00 €
9200	221.04.00	Vestiaro servizos municipais	95.533,00 €
1710	221.04.00	Vestiaro persoal	5.000,00 €
3371	221.04.00	Vestiaro	9.000,00 €
3420	221.04.00	Vestiaro persoal	13.000,00 €
			127.533,00 €

		2020	Total
LOTE Nº 3	Roupa de traballo coa condición de EPIs	51.775,00 €	51.775,00 €

Con cargo a seguinte aplicación orzamentaria.

3420	221.04.00	Vestiaro persoal	51.775,00 €
------	-----------	------------------	--------------------

Terceiro.- Notificar á mercantil *PEYCAR PONTEVEDRA, SL.*, indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalos directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Cuarto.- Remitir ao Consello de Contas a prórroga do contrato, en cumprimento do artigo 29.2 do TRLCSP.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

16(900).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “REHABILITACIÓN DO MURO DO PARQUE DE O CASTRO”. EXPTE. 4734/443.

Visto o informe de fiscalización do 20/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 19/10/2020, asinado pola técnica de xestión, o xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe dos Servizos Xurídicos de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

I.- Por parte da Concellería de Patrimonio remítese en data 10 de xullo de 2020, para a súa tramitación, proxecto de “REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE MURO EN O PARQUE DO CASTRO”, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Francisco Javier Zubia Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (141.209,11 EUROS).

II.- O Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos en data 23.09.2020, en vista do informe-proposta do Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento, e da delegación da Alcaldía-Presidencia de datas 18.06.2019 e 26.06.2019 na Concellería de Fomento da xestión e tramitación dos expedientes de contratación administrativa de obra pública municipal e da xestión e tramitación dos expedientes de redacción de proxectos de forma directa, ou a través de expedientes de contratación administrativa para a execución da obra pública, resolveu iniciar expediente para a aprobación do citado proxecto.

III.- A actuación se desenrola na rúa Paseo de Rosalida de Castro nº 9, e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir;

- Debido o mal estado de conservación do muro de contención existente, procederase previamente ao levantamento da xardineira existente na zona superior, e a cantería do paramento vertical que se atopa en mal estado.



Concello de Vigo

- Unha vez desmontadas tanto o muro existente como as xardineiras e pavimento superior, procederase á retirada de terra de recheo efectuado no seu día, así como efectuara a escavación correspondente de acordo coas dimensións do proxecto.
- Durante a fase de escavación no proxecto esta previsto tanto a efectos de definición como de valoración o correspondente control arqueolóxico, documento técnico incluído no proxecto presentado.
- A continuación efectuares a execución de lousa de cimentación a base de formigón armado, do que arrancará un muro de contención tamén de formigón armado para contención de terras. E piares de formigón para crear unha lousa de formigón armado a cota da praza superior de uso público. Unha vez efectuado a estrutura autoportante de formigón procederase a recolocación de cantería nas fachadas sur e Oeste ata o encontro co muro e edificio existente polo lindeiro Este.
- En canto a praza superior de uso público reporanse a xardineiras anteriores coa correspondente recollida de augas e rego, tratamento de illamento impermeabilizante sobre dita lousa de formigón, coa correspondente pendente e recollida de augas tanto na zona superior como no interior do espazo que quede diáfano.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DOCE (12) semanas.

IV.- Consta no expediente administrativo de referencia resolución da Consellería de Cultura e Turismo, de data 30.06.2020, autorizando á execución das obras proxectadas, por atoparse dita actuación dentro do ámbito de protección do Castro de Vigo, co seguinte condicionado:

“Autorizar a actuación condicionada a realización da intervención arqueolóxica proposta polo concello de Vigo como anexo ao proxecto de obra civil”.

Asemade, en data 08.07.2020 recíbese resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural pola que se autoriza o proxecto de intervención arqueolóxica para a rehabilitación dun muro no parque do Castro, no xacemento do Castro de Vigo (GA36057007)

V.- O Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite en data 23.09.2020 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

“(…)

A actuación de reposición de muro de contención, efectuase sobre un espazo público, cualificado dentro do PXOU/93, como solo urbano consolidado, sendo a ordenanza de aplicación 3.1.A Ordenanza de zonas verdes e libres, no cal a reposición de elementos existentes non contradite a ordenanza de aplicación, a súa vez a zona onde se pretende actuar atopase dentro do ámbito dun Xacemento Arqueolóxico, e dispón de autorización da Consellería de Cultura de datas 30/06/20 e 8/07/20.

As obras atópanse dentro do ámbito do parque do Castro, zona catalogada de grado de protección integral na ficha consta o listado de especies catalogadas, e as obras propostas non esta previsto ningún tipo de afección a masa arboreda existente, non sendo necesaria

ningún tipo de informe de acordo coa instrución de 8/12/2017 da Consellería de cultura publicada no DOGA de 5/12/2017, apartado Quinto, xa non se trata de obras recollidas no art. 47 da lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia. Consta informe o respecto do departamento de Montes, Parques e Xardíns.

CONCLUSIÓN:

Os custes unitarios incluídos no proxecto, considerasen adecuados para a execución do contrato, estimase que son prezos xerais de mercado.

Tendo en conta as determinacións que fixa o art 233.2 desta lei, os documentos do proxecto a presentar poderán simplificarse debido a complexidade das obras. Neste caso presentan documentos de Memoria descritiva e construtiva, prego de prescricións técnicas, estudo básico de seguridade e saúde, Planos, e Presuposto.

A documentación do proxecto considérase completa, e que o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola “Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014” (en adiante, LCSP) e polo “Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro”, polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de



Concello de Vigo

Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 do Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais, aprobado por R.D.2/2004, de 5 de marzo).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Aprobar o proxecto de **“REPOSICIÓN E REPARACIÓN DE MURO EN O PARQUE DO CASTRO”**, redactado polo Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos, D. Francisco Javier Zubia Fernández, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO CORENTA E UN MIL DOUSCENTOS NOVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (141.209,11 EUROS) de data setembro de 2020 e sinatura dixital de data 15/09/2020.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(901).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO ARTICULADO MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES Á PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” - ANO 2020. EXPTE. 7738/104.

Visto o informe xurídico do 07/10/2020 e informe de fiscalización do 23/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 24/09/2020, asinado pola xefa do Servizo de Turismo, a concelleira-delegada de Área, e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

En data do Rexistro Xeral 21 de setembro de 2020, a Fundación Vigo Convention Bureau (en adiante, FVCB) presenta escrito de solicitude (Nº Doc. 200171165) do primeiro pago da transferencia de financiamento para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes a presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, por importe total de 250.000,00€, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ANTECEDENTES.-

A FVCB é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao ampa-

ro da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego. A FVCB non dispón de recursos propios para o desenvolvemento das accións a que se refire este convenio, na condición de patrón, o Concello de Vigo é o único promotor das actividades previstas. Así mesmo o carácter público da fundación fai que non sexa necesario o establecemento de garantía.

A FVCB ten como fin o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunión, captación de congresos, convencións e viaxes de incentivo para a cidade de Vigo.

Tal e como se recolle no artigo 30 dos seus estatutos, os recursos económicos da FVCB se compoñen dos seguintes elementos :

- Dotación inicial.
- As achegas económicas dos patróns fundadores, das entidades colaboradoras e ingresos doutra índole. A contía anual das achegas decidírase por parte do Padroado.
- Os ingresos procedentes da facturación dos seus servizos e actividades, sempre e cando se obteña, se fose precisa, a preceptiva autorización do Protectorado e concorran as demais condicións previstas na Lei 12/2006, de Fundacións de interese galego e disposicións regulamentarias.
- Os derivados de contratos, concertos e convenios con persoas físicas ou xurídicas ou entidades públicas ou privadas de calquera tipo.
- Os rendementos do seu patrimonio.
- Subvencións, axudas, bens ou legados, así como os derivados de patrocinios.
- Os créditos e préstamos que lle sexan concedidos.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguintes:

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexas con esta actividade.
- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as accións de promoción necesarias.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15, aprobou na reunión do padroado de data 19 de decembro de 2019 aprobou o Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2020.

O Concello de Vigo e a FVCB veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no ámbito das súas competencias.

A FVCB no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ó obxecto de que a FVCB de continuidade a unha serie de accións de difusión e marketing para a



Concello de Vigo

concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020.

Esta actuación non pode resolverse cos medios humanos e materiais cos que conta o Concello de Vigo e non parece oportuno incrementalos para unha actuación puntual. Doutra banda o carácter unitario e participativo da FVCB de todo o sector turístico de Vigo aconsella que a difusión e promoción da candidatura se realice a través de este ente no que participa o Concello de Vigo.

A obtención da declaración das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade suporía para a cidade o recoñecemento dese recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

DOCUMENTACIÓN.-

A FVCB presenta a documentación relativa ao expediente de transferencia, que está integrada pola seguinte documentación:

- Anexo I. Memoria e orzamento do proxecto do convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020.

- Acta Nº 18 Padroado FVCB, do 19 de decembro de 2019

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Axencia Tributaria.

- Certificado de estar ao corrente de pagos coa Seguridade Social.

- Certificado de estar ao corrente de pagos con Facenda.

- Certificado de estar ao corrente co Concello de Vigo.

- Certificación da conta bancaria.

Revisada a memoria que contén as actuacións que desenvolveranse no ano 2020, no marco das actividades fundacionais recollidas no artigo 5 dos Estatutos da FVCB e que cumpren cos fins fundacionais dispostos no artigo 4 dos mesmos estatutos.

Dita memoria, contén o plan de actuación que cumpre co disposto no artigo 15.2.d dos Estatutos “ corresponde ao Padroado aprobar o plan de actuación”.

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FVCB E LEXISLACIÓN APLICABLE.-

O Concello de Vigo de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

O Decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de data 18 e 26 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude entre outras, a seguinte facultade:

Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

De acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma.

Ata o ano 2017, a xestión da colaboración do Concello de Vigo coa FVCB para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", viñan desenvolvéndose da cordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, por unha subvención nominativa, enmarcado nun convenio de colaboración, no que se establecían as condicións e obrigas derivadas da subvención.

A Lei xeral de subvencións establece no artigo 2.2 " No están comprendidas no ámbito de aplicación de esta lei, as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública".

Á vista do informe do servizo de Intervención de data de 9 de febreiro de 2018 (expte.6936-104) de transferencia de financiamento do Concello de Vigo á FVCB para o seu funcionamento durante o exercicio 2018, no que alude ao Convenio Cíes 2018 como: "A estimación dos ingresos que presenta a FVCB inclúe o concepto Convenio 250.000,00€, o servizo xestor na súa execución debe considerar o disposto no artigo 2.2 da Lei Xeral de Subvencións."

Polo exposto, a fórmula de subvención nominativa substitúese pola de transferencia de financiamento non suxeita a Lei xeral de subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos e as obrigas das partes que establecerase a través dun convenio de colaboración, que recolle os contidos mínimos esixidos para a concesión desta transferencia do vixente orzamento do Concello de Vigo, contidos que se estiman conformes ao interese público. A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal, así como a actividade de FVCB, excluída totalmente do réxime subvencional, debe realizarse pola Intervención Xeral.

A maiores e toda vez que entre en vigor o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interventor, segundo informe do Servizo de Intervención de data 9 de febreiro de 2018 (Expte 6936-104).

De conformidade con artigo 127. g da Lei 7/1985, corresponderá á Xunta de Goberno Local a aprobación do convenio, así mesmo, queda facultada a Concelleira Delegada da área de Festas e Turismo para asinar o citado convenio.



Concello de Vigo

PROPONSE.-

1º.- Que se aprobe o texto do “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2020”.

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 250.000,00€ (dous centos cincuenta mil euros), en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Fundación Vigo Convention Bureau, CIF G-27722883, con cargo á aplicación presupostaria 4320.4800000 (Convenio de xestión das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade) do programa orzamentario do servizo de Turismo para o vixente exercicio económico.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU PARA DAR CONTINUIDADE Á DIFUSIÓN DAS ACTUACIÓNS DE PROMOCIÓN CONDUCENTES A PRESENTACIÓN DA CANDIDATURA DAS “ILLAS CÍES PATRIMONIO DA HUMANIDADE” DURANTE O ANO 2020. (EXPTE 7738-104)

En Vigo,

REÚNENSE

A Concellería de Turismo (en adiante CONCELLERÍA) no seu nome e representación D^a. M^a Carmen Lago Barreiro en virtude do seu cargo de Concelleira-delegada da área de Turismo e Xuventude do Concello de Vigo, con enderezo na Praza do Rei N^o1, CP. 36202,(CIF P3605700H), para o que foi nomeada polo decreto de delegación de Alcaldía de datas 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020 , no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo.

Doutra parte, D. Pablo Cameselle Martínez, na condición de Director Xerente da Fundación Vigo Convention Bureau, (en adiante FVCB) con CIF G27722883, con enderezo social na rúa Cánovas del Castillo 3, Estación Marítima de Ría – local 2

Dona Susana Gallardo fariña, Secretaria de Administración Municipal, da fe do acto

Ámbalas dúas partes teñen plena capacidade para levar adiante este convenio e,

MANIFESTAN

I.- Que a **FVCB** é unha organización, constituída polo Concello de Vigo, ABANCA, Universidade de Vigo, Cámara de Comercio de Vigo, Confederación de Empresarios de Pontevedra e IFEVI, de natureza fundacional, de interese xeral galego, constituída sen ánimo de lucro, ao amparo da Lei 12/2006 de 1 de decembro, fundacións de interese galego e do Decreto 14/2009 de 21 de xaneiro que aproba o regulamento de fundacións de interese galego.

A FVCB consta no Inventario de entidades da Secretaría General de Financiación Autonómica y Local do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas como Fundación da Administración Pública a Fundación Convention Bureau (A A P P - 0 1 / 1 2 / 2 0 1 8). Asemade conforme o acordo co disposto no artigo 2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, as fundacións públicas están suxeitas á Lei de Contratos do Sector Público na forma e termos previstos na mesma e conforme o RD 424/2017 de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas Entidades Locais, a auditoría das contas anuais das Fundacións locais formarán parte do Plan Anual de Control Financeiro a elaborar polo órgano interven- tor.

O fin da FVCB é o desenvolvemento da economía produtiva e o fomento da economía social de Galicia mediante a potenciación e desenvolvemento das infraestruturas turísticas e servizos específicos no campo do subsector do turismo de reunións e a captación de congresos, conven- cións e viaxes para a cidade de Vigo.

A FVCB ten entre as súas actividades, segundo dispón o artigo 5 dos seus estatutos, as seguin- tes:

- Coordinar con autoridades, organización e entidades de fomento e promoción do turismo as ac- cións de promoción necesarias.

- Promover a creación e/ou mellora estrutural dos bens e servizos conexos coas actividades turísticas.

- Crear e consolidar unha conciencia pública en relación coa trascendencia económica do turismo e especialmente co turismo de congresos e reunións.

- Realizar e xestionar o rexistro de empresas organizadoras e proveedoras de bens e servizos relacionados coa actitude de turismo de reunións.

- Producir e distribuir a guía profesional de congresos, que aglutine toda a información cun inventario de recursos turísticos e infraestruturas para a celebración de eventos.

- Coordinar coas áreas municipais correspondentes a correcta utilización dos servizos municipais.

- Proporcionar información turística en distintos soportes e publicación de interese para os delegados.

- Realizar as explotacións económicas de elaboración, edición, publicación e venda de libros, revistas, folletos, merchandising, material audiovisual e material multimedia sobre a cidade de Vigo.

A FVCB, consonte co previsto no artigo 15 dos Estatutos de Fundación, aprobou na reunión do padroado de data 19 de decembro de 2019 o Convenio Illas Cíes 2020, o Anexo I, Memoria e orzamento do proxecto de convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Fundación Vigo Convention Bureau para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción condu- centes á presentación da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2020, que recolle o seu plan de traballo para o vixente ano.

II.- Que o **Concello de Vigo** de conformidade co artigo 25.2.h da Lei 7/1985, de 2 de abril, re- guladora das Bases do Réxime Local, (modificación introducida pola Lei 27/2013, de 27 de de-



Concello de Vigo

cembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local), o municipio exercerá como competencia propia nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, a información e promoción da actividade turística de interese de ámbito local, así mesmo os artigos 80.1 e 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, recollen que o municipio exercerá as competencias relativas ao turismo, en relación a este ámbito competencial a Lei 7/2011 de 27 de outubro de Turismo de Galicia, no seu art.5 dispón que corresponde aos Concellos, sen prexuízo das competencias establecidas pola lexislación de réxime local, a promoción e protección dos recursos turísticos de seu término municipal.

III.- Que o **Concello de Vigo e a FVCB** veñen realizando labores conxuntas de promoción e difusión da cidade dende o ano 2010. A FVCB é un colaborador habitual do Concello de Vigo nas labores de difusión e promoción, estando presente nas principais actuacións de promoción da cidade de Vigo, workshops, mesas de turismo, principais feiras de turismo, etc, desenvolven todas esas actuacións que se atopan no marco das súas competencias de creación, promoción e mellora dos bens turísticos de Vigo.

IV.- Que o **Concello de Vigo** esta interesado en continuar os trámites conducentes á difusión das accións de promoción para á presentación da candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" iniciados no ano 2015.

A UNESCO, Organización das Nacións Unidas para a Cultura, Ciencia e Educación, concede a través dun programa específico fundado pola Convención sobre a Protección do Patrimonio Cultural e Natural, o título de Patrimonio da Humanidade a sitios específicos do planeta de excepcional importancia cultural ou natural previamente nomeados e confirmados para a súa inclusión na lista elaborada polo Programa Patrimonio da Humanidade, a cal, alén do recoñecemento unha excepcional visibilidade, permite acompañar o desenvolvemento da "marca cidade" ou "destino turístico".

Ata a data en Galicia foron declarados Patrimonio da Humanidade, a cidade Vella de Santiago de Compostela, o Camiño de Santiago, a Torre de Hércules e a Muralla Romana de Lugo.

A inclusión na lista de Patrimonio da Humanidade implica que recurso proposto teña un "sobresaliente valor universal". Tal inclusión esixe que satisfaga polo menos un dos dez criterios de selección. No caso que nos ocupa as Illas Cíes cumpren cos apartados 7, 9 e 10 do decálogo:

- Conter fenómenos naturais superlativos ou áreas de excepcional beleza natural e importancia estética
- Ser un dos exemplos eminentes de procesos ecolóxicos e biolóxicos no curso da evolución dos ecosistemas.
- Conter os hábitats naturais máis representativos e máis importantes para a conservación da biodiversidade, incluíndo aqueles que conteñen especies ameazadas de destacado valor universal desde o punto de vista da ciencia e o conservacionismo.

V.- Que a **FVCB** no marco das súas funcións de promoción, en colaboración co Concello de Vigo, está interesada na realización do presente convenio de colaboración en relación ao obxecto de que a FVCB desenvolva as accións que ten entre as súas competencias, para continuar as actuacións de difusión conducentes á posta en marcha da candidatura das "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade", así como todas aquelas funcións de promoción para a consecución da mesma.

A obtención da declaración das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” suporía para o turismo de Vigo e para a FVCB o recoñecemento dun recurso turístico, tanto a nivel nacional como internacional, que sentaría as bases dun novo enfoque na promoción turística da cidade.

VI.- Que o **Concello de Vigo** no seu vixente orzamento, na aplicación presupostaria 4320.4800000 prevé unha transferencia Convenio das Illas Cíes Patrimonio da Humanidade, polo importe de 250.000€ (dous centos cincuenta mil euros).

A figura do Convenio enmárcase dentro dos instrumentos axeitados de colaboración entre Administracións Públicas para o desenvolvemento de obxectivos de interese común, de conformidade co previsto no Capítulo VI (arts. 47 a 53) da Lei 40/2015, de réxime xurídico do Sector Público. Concretamente o convenio proposto serve como medio de instrumentación dunha transferencia de financiamento prevista no orzamento municipal. Conforme o disposto no artigo 2.2 da Lei xeral de subvencións está excluída do ámbito de aplicación da lei as achegas dinerarias entre diferentes administracións públicas, para financiar globalmente a actividade da Administración á que vaian destinadas e as que se realicen entre os distintos axentes dunha administración cuxos presupostos se integren nos Presupostos Xerais da Administración á que pertencen, tanto si se destinan a financiar globalmente a súa actividade como a realización de actuacións concretas a desenvolver no marco das funcións que teñan atribuídas, sempre que non resulten dunha convocatoria pública”.

VII.- Que o **Concello de Vigo** desenvolveu nos últimos anos, o Plan de Competitividade de produto Turístico “Turismo Urbano e de Ría” (PCPT Vigo) co obxecto, entre outros, de aumentar a demanda de visitantes, promover a internacionalización do turismo, aumentar os ingresos e rentabilidade da actividade turística local e a desestacionalización do turismo.

O PCPT Vigo “Turismo urbano e de Ría” desenvolveu un significativo número de programas e produtos turísticos, segmentado e con grande capacidade de comercialización entre os que de xeito destacado se atopan a Ría de Vigo e as Illas Cíes.

As Illas Cíes son o recurso turístico por excelencia da cidade de Vigo, segundo recurso turístico máis visitado de Galicia, polo que precisan da xestión adecuada para a posta en marcha de accións conducentes á difusión da candidatura “Illa Cíes Patrimonio da Humanidade”, así como aquelas de promoción da mesma.

Os Decretos de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados de datas 18, 20 e 26 de xuño de 2019 e Resolución de alcaldía, de modificación delegación de competencias en concelleiros e concelleiras de área, de data 17 de agosto de 2020, establece na Concelleira Delegada da Área de Turismo e Xuventude, entre outras, a seguinte facultade: Dirección da FVCB. Vicepresidencia do padroado, e co obxecto de xestionar como mellor procede esta colaboración.

En base ás precedentes consideracións e ao interese turístico da cidade, o Concello de Vigo e a FVCB conveñen formalizar o presente convenio de colaboración durante o ano 2020.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a instrumentalización dunha transferencia de financiamento para a execución do proxecto “ILLAS CIES PATRIMONIO DA HUMANIDADE 2020” aprobado polo Padroado da FVCB en sesión de data 19 de decembro de 2019, por importe de 250.000



Concello de Vigo

euros prevista na aplicación orzamentaria 4320 4800000 consistente na execución das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía, fundamentais no proceso de presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade” durante o ano 2020, recollidos no Anexo I.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN VIGO CONVENTION BUREAU.

A FVCB, comprométese a colaborar coa CONCELLERÍA, para dar continuidade á difusión das actuacións de promoción conducentes á presentación da candidatura “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”, o período establecido para o desenvolvemento das anteditas actividades será o ano 2020, conforme co programa recollido no Anexo I, cuxas liñas de actuación son as seguintes:

- II Desafío Audiovisual Illas Cíes.
- Publicación libro promocional Illas Cíes.
- Programa Ciestalent.
- Concurso infantil e xuvenil de debuxo e traballo manuais.
- Banners-Microsites promocionais-campañas publicitarias.
- V Edición concurso fotografía “#sientocíes”
- Cadernos temáticos.
- Acción de divulgación, promoción e apoio e edición de material.
- Dinamización da Candidatura nas Redes Sociais.

Así como o desenvolvemento das seguintes actuacións:

- 1.- Levar a cabo a continuidade das accións de difusión e marketing para a concienciación e información á cidadanía sobre o proceso da candidatura das “Illas Cíes Patrimonio da Humanidade”.
- 2.- Dar continuidade as actividades de promoción das Illas Cíes necesarias para a concienciación previa á posta en marcha da obtención da declaración.
- 3.- Dotar do material e equipamento adecuado para conseguir os obxectivos do programas.
- 4.- Desenvolvemento das accións de difusión da potencial candidatura, tanto en medios físicos como en redes sociais.
- 5.- Asumir todos os custos directos e indirectos que se deriven do desenvolvemento das actividades.

6.- Establecer a través de recursos propios ou externos o asesoramento e xestión das necesidades vencelladas coas tarefas descritas.

7.- Comunicar á Concelleira-delegada da área de Turismo calquera modificación que se produza no programa de actividades que conforma o Anexo I, sempre e cando ditas modificacións non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia de financiamento previsto neste convenio.

8.-A FVCB deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CONCELLERÍA e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da transferencia.

Antes de conceder o pago a FVCB deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CONCELLERÍA

A CONCELLERÍA comprométese a xestionar o pagamento á FVCB, para continuar coa execución e desenvolvemento das accións de difusión e promoción do proxecto de candidatura "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" durante o ano 2020, polo importe de 250.000€ (douscentos cincuenta mil euros).

CUARTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS ACHEGAS.

Esta transferencia de financiamento será compatible con calquera outra axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais ou outros ingresos conforme o artigo 30 dos Estatutos. No caso de que o custo total da actividade resultase ser menor que o previsto para a execución do proxecto contemplado para a concesión da actividade ou se reducesen na execución da actividade as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma ou se obtiveran outros ingresos, procederá á redución da transferencia na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

QUINTA.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase en tres pagos,

- O primeiro pago será polo importe de 125.000€ (cento vinte e cinco mil euros) o 50% do importe do convenio, que farase efectivo á sinatura do convenio.

- O segundo pago por importe de 62.500€ (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 2ª quincena de outubro.

- O terceiro pago por importe de 62.500€ (sesenta e dous mil cincocentos euros) o 25% do importe do convenio, que farase efectivo na 1ª quincena de decembro.

O pagamento realizarase por medio de transferencia bancaria na conta con número de IBAN ES8720805000683040324245 da Entidade Bancaria ABANCA, con cargo a aplicación presu-



Concello de Vigo

postaria 4320.4800000 Convenio xestión "Illas Cíes Patrimonio da Humanidade" polo importe total de 250.000 € (douscentos cincuenta mil euros)

SÉXTA.- PUBLICIDADE.

A FVCB debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade mediante a incorporación do logotipo do Concello de Vigo e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

A información sobre as actividades que se edite en idioma galego terá que ser revisada polo Servizo de Normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurará o logotipo do Concello de Vigo e da FVCB, nas mesmas condicións e tamaños. Todo material editado deberá contar coa conformidade previa da CONCELLERÍA.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN.

1.-A FVCB deberá xustificar o cumprimento da finalidade obxecto para o que se concedeu a transferencia de financiamento. A tal efecto deberá presentar:

a) *Memoria parcial de actuación*, xustificativa do cumprimento das condicións previstas na presente transferencia, con indicación das actividades desenvolvidas durante o ano 2020 dentro do programa obxecto do primeiro pago, debe presentarse coa solicitude do segundo pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa do segundo pago, deberán entregarse xunto coa solicitude do terceiro pago.

A memoria parcial de actuación xustificativa de terceiro pago deberá entregarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2020.

As memorias parciais de actuación deberán conter os datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) *Memoria parcial económica*, xustificativa do custo final das actividades realizadas no ano 2020 deberá presentarse con anterioridade ao 31 de decembro de 2020.

A memoria económica final deberán conter un balance económico de gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial, con expresión de acredores, conceptos, importes e datas de emisión, e copias compulsadas das facturas.

A FVCB deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería de Turismo, pola Intervención do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas e remisión da información e cumprimentación nas plataformas do Ministerio de Facenda por formar parte das Fundacións do grupo Concello de Vigo incluídas no perímetro de consolidación

2.- A FVCB deberá achegar electrónicamente conforme o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común, as xustificacións, **a través da sede electrónica do Concello de Vigo**, por calquera dos mecanismos de identificación admitidos na sede electrónica.

OITAVA.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE

O cumprimento da finalidade que determinou a concesión da transferencia deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados pola CONCELLERÍA, a tal fin o persoal técnico do mesmo emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade.

A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público aínda que o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar de acordo cos requisitos sanitarios no momento da celebración da actividade.

NOVENA.- VIXENCIA.

O presente convenio terá vixencia anual ata o 31 de decembro de 2020 e non será prorrogábel.

DÉCIMA.- CONTROVERSIAS.

A concelleira-delegada da área de Turismo queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións tanto no programa de actividades que conforman o Anexo I, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.
3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS.-

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento. Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015 e na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Turismo. A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o Servizo de Turismo do Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRO. - XURISDICIÓN COMPETENTE

O presente convenio ten natureza administrativa. Será competencia exclusiva dos órganos do orde xurisdiccional contencioso-administrativo a resolución das controversias e litixios a que dera lugar o cumprimento do presente convenio.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data indicados.



Concello de Vigo

18(902).- PRÓRROGA CONTRATO MAIOR DE SERVIZOS DE APOIO TÉCNICO Á OFICINA MUNICIPAL DE VOLUNTARIADO E FORMACIÓN ÁS PERSOAS VOLUNTARIAS E ENTIDADES DE VOLUNTARIADO. EXPTE. 937/322.

Visto o informe de fiscalización do 06/10/2020 e o informe xurídico do 20/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 29/09/2020, asinado pola técnica de xestión, a xefa do Servizo do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 8 de novembro de 2018 acordou adxudicar a Atelier Social SL (B32437360) o contrato dos servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. núm. 578-322).

Segundo o disposto no apartado 4.A das Follas de características do contrato (FEC) e a Cláusula 7ª do contrato o prazo do contrato é de anos dous anos, contados a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do mesmo. A sinatura do contrato data de 7/12/2018 e a súa execución iniciouse con data 8/12/2018, polo que, o prazo remata o 7/12/2020.

Con data 10/08/2020 o concelleiro de Cultura e Emprego e Participación autorizou o inicio da tramitación do expediente de prórroga do contrato maior de servizos para a prestación do apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e Formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado.

A través da notificación co número de saída 59348 se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. O artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), dispón que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. Segundo o disposto no dito precepto, prórroga acordarase polo órgano de contratación sendo obrigatoria para o empresario, sempre que o seu preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

A través da notificación de data 11/08/2020 e nº de saída 59348, recibida o mesmo día, se comunicou ao adxudicatario o preaviso da prórroga do contrato coa antelación mínima exixida no citado artigo 29.2 da Lei 9/2017.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PAC, en adiante) do contrato dispón, na cláusula 7.1, que o prazo do contrato será o establecido no apartado 4.A das Follas de Características do Contrato (FEC), o cal contempla un prazo de dous anos. Deste xeito, téndose iniciado a execución con data 08/12/2020, o prazo remata o vindeiro 07/12/2020.

Así mesmo, o apartado 7.2 do PAC establece que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C FEC, no que se establecen dúas prórrogas dun ano de duración cada unha. Asemade, no apartado 7.3 do PAC dispón que a prórroga

será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e este se lle notifique, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato mesmo apartado.

II. Na actualidade os servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. 578-322) se desenvolven conforme o disposto no prego de condicións técnicas, en canto a realización de:

- Atención a persoas voluntarias.
- Atención a entidades sociais vinculadas ó ámbito do voluntariado da cidade de Vigo.
- Apoio á organización de eventos sociais, culturais e deportivos.
- Mantemento das bases de datos referente ás persoas voluntarias e participación en eventos.
- Elaboración, aplicación e explotación de elementos de avaliación dos servizos en canto á súa eficacia e o seu nivel de satisfacción no sector ao que vai dirixido.
- Elaboración de propostas de mellora.
- Elaboración do plan anual de formación.
- Seguimento e control da calidade.

III. Durante o período de duración da prórroga, atendendo ao disposto no artigo 29.2 da LCSP, as características do contrato permanecerán inalterables manténdose as melloras ofertadas no contrato consistentes en:

- Lote I “Apoio técnico”:

- a) Propón un incremento de horas de apoio técnico de 150 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 10 do PPT).
- b) Propón 2 campañas en medios offline (radio, televisión ou prensa local) dirixidas ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos indicados no apartado 7B das FEC do PCAP.
- c) Propón 7 campañas en medios online (facebook ADS, Twitter ou Youtube) dirixidas ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos indicados no apartado 7B das FEC do PCAP.

- Lote II “Formación voluntarios e entidades”:

- a) Propón un incremento de horas de formación presencial de 20 horas (a maiores do mínimo de 80 horas), das que 15 horas serán para voluntarios e 5 horas para entidades.
- b) Propón un incremento das horas de formación en liña de 5 horas (a maiores do mínimo de 20 horas), das que 5 horas serán para voluntarios.
- c) Propón 1 campaña de fomento da formación do voluntariado dirixida á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais.
- d) Propón 4 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.



Concello de Vigo

IV. Debido á necesidade de garantir a prestación do servizo faise necesario tramitar a prórroga do contrato maior de servizos de apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. 578-322)

V. A tramitación deste expediente de prórroga non supón unha nova actuación, por canto se ven desenvolvendo este mesmo tipo de actividade en anos anteriores e, polo tanto, se encadra na Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, no seu artigo 3.- “En particular, non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.”

Á vista do exposto anteriormente e das competencias establecidas na vixente lexislación (art. 127 da Lei 7/85, Decretos de delegación de Alcaldía de 18 e 26 de xuño de 2019 e acordo da Xunta de Goberno Local do 20 de xuño de 2019) e conforme ao establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, na cláusula 7ª do Prego de Cláusulas Administrativas e nos apartados 4.A e 4.C das FEC do contrato, atendendo ás necesidades contractuais que se expoñen no presente informe do xefe do servizo, solicítase ao servizo de Contratación, para a súa remisión á Xunta de Goberno Local, a aprobación da seguinte PROPOSTA de

ACORDO

PRIMEIRO: Autoriza-la prórroga de UN ANO, para o período comprendido entre o 08/12/2020 ó 7/12/2021, do contrato para a prestación dos servizos apoio técnico á Oficina Municipal de Voluntariado e formación ás persoas voluntarias e entidades de voluntariado (expte. núm. 578-322), do que é actual adxudicataria, Atelier Social SL (B32437360) por acordo da Xunta de Goberno Local de 8/11/2018.

A prórroga do contrato, para o Lote I “Apoio técnico”, terá un importe de 33.361,12 euros, dos que 2.152,33 € corresponden ao orzamento do 2020 e 31.208,79 € corresponden ao orzamento do ano 2021, e se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279900 ESTUDIOS E TRABALLOS TÉCNICOS, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertada no contrato consistentes en:

- a) Propón un incremento de horas de apoio técnico de 150 horas (a maiores do mínimo de 1.800 horas fixado na cláusula 10 do PPT).
- b) Propón 2 campañas en medios offline (radio, televisión ou prensa local) dirixidas ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos indicados no apartado 7B das FEC do PCAP.
- c) Propón 7 campañas en medios online (facebook ADS, Twitter ou Youtube) dirixidas ao fomento do voluntariado nos colectivos e/ou ámbitos indicados no apartado 7B das FEC do PCAP.

A prórroga do contrato, para o Lote II "Formación voluntarios e entidades", terá un importe de 12.293,60 euros, dos que, 793,14 € corresponden ao orzamento do 2020 e 11.500,46 € corresponden ao orzamento do ano 2021, e se imputará á aplicación orzamentaria 9251 2279902 FORMACIÓN VOLUNTARIADO, manténdose, no período de prórroga, as condicións ofertada no contrato consistentes en:

- a) Propón un incremento de horas de formación presencial de 20 horas (a maiores do mínimo de 80 horas), das que 15 horas serán para voluntarios e 5 horas para entidades.
- b) Propón un incremento das horas de formación en liña de 5 horas (a maiores do mínimo de 20 horas), das que 5 horas serán para voluntarios.
- c) Propón 1 campaña de fomento da formación do voluntariado dirixida á poboación en xeral por medios offline ou a mozos e mozas por redes sociais.
- d) Propón 4 campañas de fomento da formación do voluntariado dirixidas a entidades de voluntariado por medios offline ou entidades de voluntariado por redes sociais.

SEGUNDO: Notificar o presente acordo á empresa contratista, nos termos establecidos nos art. 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), con indicación expresa de que contra o mesmo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante a Xurisdición Contencioso-administrativa de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015 (LPAC) e 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar resolución.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(903).- PRÓRROGA DO CONTRATO DA SUBMINISTRACIÓN DE PENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA O CONSUMO DA FAUNA ANIMAL NO PARQUE ZOOLOXICO DE VIGOZOO. EXPTE. 10615/612.

Visto o informe xurídico do 20/10/2020 e o informe de fiscalización do 21/10/2020, dáse conta do informe-proposta do 14/10/2020, asinado polo xefe de Réxime Interior de VigoZoo, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



Concello de Vigo

I.- ANTECEDENTES

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 06 de setembro de 2018, acordou aprobar a contratación, a través de procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria do subministro de piensos e demais forraxes para a fauna de VigoZoo (expte 9233-612), así como o Prego de prescricións técnicas particulares asinado polo Veterinario de VigoZoo con data 16 de xullo de 2018 e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación, redactado pola xefa do Servizo de Contratación en data 14 de agosto de 2018.

2.- A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria de 31 de outubro de 2018, acordou, *“Adxudicar a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. o procedemento aberto procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de piensos e demais forraxes para a fauna de Vigozoo (9233-612) por un prezo total de 60.113,80 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.032,38 euros, e cunha porcentaxe de redución dos prezos unitarios consignados na cláusula 1 do PPT do 11,9%. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”*.

3.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 15 de novembro de 2018, e consta na Cláusula 5 o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir da última sinatura dixital do contrato, estando prevista unha prórroga dun ano.

II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

1.- O artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas. A prórroga acordárase polo órgano de contratación.

2.- O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 14/08/18, establece expresamente na Cláusula 7 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C) da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo, e serán obrigatorias para o contratista.

O referido apartado 4.A) das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) dunha prórroga cunha duración dun ano.

3.- Na actualidade Vigozoo continúa exercendo a súa actividade polo que o obxecto deste contrato, o subministro de piensos e demais forraxes para a fauna de VigoZoo segue sendo indispensable para o seu correcto funcionamento, polo que considérase conveniente propor a prórroga do contrato de SUBMINISTRO DE PIENSOS E DEMAIS FORRAXES PARA A FAUNA DE VIGOZOO DO CONCELLO DE VIGO (expte 9233-612) por un período dun ano.

4.- Ao abeiro do establecido no artigo 29 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a competencia como órgano de contratación corresponde á Xunta de Goberno Local.

5.- O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 16 de novembro de 2020 ao 15 de novembro de 2021, sendo o prezo anual do contrato de trinta mil cincoenta e seis euros con noventa céntimos (30.056,90 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de dous mil cincocentos dazaseis euros con dazanove céntimos (2.516,19 euros).

6- O importe da prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias:

Aplicación orzamentaria	2020	2021	TOTAL
3371.221.05.00 Pienso animais	3.757,13 €	26.299,77 €	30.056,90 €

7.- Consta no expediente, a conformidade da mercadería CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L., sobre a presente proposta de prórroga.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de SUBMINISTRO DE PIENSOS E DE MAIS FORRAXES PARA A FAUNA DE VIGOZOO (expte 9233-612), formalizado coa entidade mercantil CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. polo período dun ano, comprendido dende o 16 de novembro de 2020 ata o 15 de novembro de 2021.

Segundo- Autorizar o gasto do contrato de SUBMINISTRO DE PIENSOS E DE MAIS FORRAXES PARA A FAUNA DE VIGOZOO (expte 9233-612), a favor da entidade mercantil CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. polo importe de trinta mil cincoenta e seis euros con noventa céntimos (30.056,90 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de dous mil cincocentos dazaseis euros con dazanove céntimos (2.516,19 euros); todo isto de acordo cos prezos unitarios establecidos no acordo de adxudicación e as condicións recollidas no PCAP.

O gasto será de aplicación ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

Aplicación orzamentaria	2020	2021	TOTAL
3371.221.05.00 Pienso animais	3.757,13 €	26.299,77 €	30.056,90 €

Terceiro.- Notificar á mercantil CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA, S.L. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

20(904).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e trinta minutos. Como secretaria dou fe.

ME.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez